**Mercedes Queixas Zas, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación na que se atopa a Vía Ártabra despois da sentenza do TSXG que anula parte do proxecto das obras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área metropolitana da Coruña segue agardando por actuacións que permitan unha mobilidade adaptada aos tempos actuais, que se adapte ao seu crecemento urbanístico, que conecte os seus polígonos industriais, que permitan desprazamentos sostíbeis e que teña uns estándares equilibrados para os homes e mulleres que a diario se moven entre concellos sexa cal sexa o medio de transporte que usen. A rede viaria



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:15:03
Nº Rexistro: 33031
Data envio: 28/03/2022 17:15:03.497

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

metropolitana é insuficiente e caótica o que fai que non haxa unha mobilidade sustentábel, vertebradora o que en moitos casos dificulta as relacións sociais mais crea moitos problemas na actividade económica e empresarial.

As mudanzas e cambios de criterio por parte da Xunta de Galiza a respecto das obras da Vía Ártabra foron continuas desde o inicio até que en agosto de 2009 a Xunta aproba un proxecto en que prioriza unicamente a conexión de enlace coa AP9, gravada con peaxe, facendo desaparecer a conexión gratuíta da Vía Ártabra coa A-6, unha proposta que fora consensuada con todos os concellos da área metropolitana.

A finais de febreiro do 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra co anuncio da licitación do tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses, dando comezo no verán dese mesmo ano. O certo é que o proxecto chegaba con polémica pola afectación a unha zona natural, todo isto a pesar de existir outras alternativas con menor impacto e tamén porque ao non facerse a conexión coa A6 perde o seu verdadeiro obxectivo que é vertebrar a mobilidade en toda a área.

No verán de 2021, coas obras en proceso e coa consecuente afectación na mobilidade viaria e na seguridade, os medios de comunicación informaban da parálise total das obras até a primavera de 2022.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade afirmaba que se debía, por unha banda, «ás afeccións das liñas de gas e de media tensión» e, pola outra, "á falta de permiso para continuar coa conexión coa autoestrada de titularidade estatal», algo que coñecían desde o ano 2017, xa que segundo se fixo público había un informe do Ministerio de Fomento a este respecto onde se dicía que tendo en conta que era preciso modificar o actual contrato co titular da concesión na actuacións coa AP9, sería preciso



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subscribir, con carácter previo á execución das obras, un convenio entre as administracións implicadas (Fomento, Xunta e Audasa).

Un argumentario que, ao entender do grupo parlamentario do BNG, visibilizaba de novo o alto grao de improvisación con que actúa o goberno do PP na Xunta de Galiza.

Lonxe de albiscar unha solución aos graves prexuízos que esta improvisación e desorganización da Xunta está a provocar, en materia de comunicación e seguridade viaria, á comarca da Coruña, no día de hoxe anúnciase publicamente unha sentenza do TSXG desfavorábel ás posicións da Xunta de Galiza no contencioso formulado polo Concello de Cambre, co aval do BNG, sobre o proxecto de execución da Vía Ártabra. Unha sentenza que anula o proxecto actual e obriga a refacer parte do mesmo, coas obras comezadas, intensificando o prexuízo á veciñanza de toda a comarca da Coruña.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que medidas vai impulsar a Xunta para dar resposta á sentenza do TSXG que anula parte do proxecto das obras da Vía Ártabra?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Alexandra Fernández Gómez**

**María González Albert**

**Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2022 17:09:13**

**Paulo Ríos Santomé na data 28/03/2022 17:09:20**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 28/03/2022 17:09:27**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 28/03/2022 17:09:38**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 28/03/2022 17:09:45**

**María Montserrat Prado Cores  na data 28/03/2022 17:09:56**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 28/03/2022 17:10:08**

**María González Albert  na data 28/03/2022 17:10:16**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 28/03/2022 17:10:26**

**Noa Presas Bergantiños  na data 28/03/2022 17:10:33**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 28/03/2022 17:10:42**

**Daniel Castro García  na data 28/03/2022 17:10:50**

**Olalla Rodil Fernández  na data 28/03/2022 17:11:01**

**Iria Carreira Pazos na data 28/03/2022 17:11:08**

**Daniel Pérez López  na data 28/03/2022 17:11:19**

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 28/03/2022 17:11:32**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:15:03
Nº Rexistro: 33031
Data envío: 28/03/2022 17:15:03.497

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Rosana Pérez Fernández  na data 28/03/2022 17:11:52**

**Mercedes Queixas Zas  na data 28/03/2022 17:12:01**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/03/2022 17:12:10**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A Consellería de Educación aprobou no ano 2010 un proxecto de reforma do CEIP Froebel, situado en Pontevedra, previsto cun investimento de 1,8 millóns de euros.

Un proxecto cuxa execución estaba prevista en 3 fases e que segundo o xefe territorial de Educación comezaría no mes de outubro de 2011.

Segundo o proxectado, as dúas primeiras fases levaríanse a cabo seguindo un programa calculado para non impedir o normal funcionamento desta escola e evitar o seu peche, xa que a duración desta obra sería aproximadamente de un ano.

A tramitación sería a seguinte:

1ª Fase: cun custo de 600.000 € executarase unha reforma parcial da cuberta do centro educativo, no tramo da rúa Alfonso XIII, e a instalación dun ascensor co obxectivo de cumprir coa normativa de accesibilidade existente.

2ª Fase: cun custo de 400.000 € afectará á zona de infantil.

3ª Fase: cun custo de 800.000 € afectará á cuberta principal, e se modernizarán os servizos e mellorarán os pavimentos, cuxa previsión era realizala nos meses estivais cando as/os alumnos non estean no centro.

Once anos despois este proxecto está sen executar, fixéronse algunhas reformas puntuais pero o centro segue a ter sen solucionar a súa principal demanda histórica que é a cuberta.

Unha cuberta que ocupa boa parte do colexio e que recubre a zona utilizada como patio de recreo, ximnasio e corredores anexos que levan ás aulas, e que dende hai anos ten moitas eivas o que provoca que cada vez

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32504
Data envio: 17/03/2022 18:53:11.841

que chove o profesorado teña que encher de cubos estes espazos para recoller a auga que cae directamente nestas zonas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos a Xunta de Galicia que actualice e execute este proxecto xa que defendemos un ensino público de calidade e, polo tanto, entendemos que non se pode concibir que un centro de ensino público estea cheo de cubos por mor das goteiras que se xeran cada vez que chove.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego actualizar o proxecto de reforma do CEIP Froebel en Pontevedra aprobado polo goberno da Xunta de Galicia no ano 2010?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/03/2022 18:49:46**

**Noelia Otero Lago na data 17/03/2022 18:49:54**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32504
Data envio: 17/03/2022 18:53:11.841

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

**Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2022 18:50:00**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32511
Data envío: 17/03/2022 19:27:14.942

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Esta semana a Sala do Contencioso Administrativo do TSXG volvía obrigar ao Sergas á readmisión dun xefe de servizo cesado polo CHUP.

Vén así a ratificar unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Pontevedra que declaraba nula esta destitución, xa que consideraba que o proceso de reavaliación ao que foi sometido este profesional en 2019 vulnerou o principios de publicidade que ten que rexer na contratación pública, ao non informar con antelación a este especialista sobre os criterios de avaliación.

E por outra banda estima como motivo de anulación a non resposta por parte do CHUP, ante a recusación ao tribunal realizada por este profesional xa que existían motivos que xustificaban a mesma.

O fallo desta resolución obriga ao Sergas a restituír a este médico no posto que ocupaba antes da avaliación, isto é a xefatura do servizo de cardioloxía e a abonarlle a retribución deixada de recibir durante estes anos.

Esta é a 5ª vez que o alto tribunal galego ratifica sentenzas de instancia e declara nula unha destitución dun xefe de servizo do CHUP, nunha clara mostra da arbitrariedade coa que actúa a xerencia deste hospital.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista preguntámonos, que máis ten que pasar para que o Sergas actúe e modifique a dirección desta área sanitaria?

Non podemos consentir que nun proceso selectivo predomine o amiguismo e o seguidismo antes que a capacidade e as boas prácticas, polo que esiximos a este goberno que tome medidas para que os procesos selectivos dentro do Sergas se leven a cabo con todas as garantías xa que os principios de Igualdade, Mérito, Capacidade, Transparencia e Seguridade Xurídica deben presidir todo procedemento de concorrencia competitiva que se celebren ante unha Administración pública.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego a sentenza do TSXG na que se anula o cese do xefe de servizo de Cardioloxía do CHUP e se condena ao Sergas a súa readmisión e abono das retribucións devengadas durante este tempo?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/03/2022 19:25:33**

**Julio Torrado Quintela na data 17/03/2022 19:25:41**

**Marina Ortega Otero na data 17/03/2022 19:25:48**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 09:55:02
Nº Rexistro: 32517
Data envío: 18/03/2022 09:55:02.977

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Plan INVEAT (Plan de Investimento en Alta Tecnoloxía) promovido e impulsado polo Ministerio de Sanidade está a financiar un gran pulo á tecnoloxía de uso sanitario en Galicia, coa aportación de máis de 60 millóns de euros en 2 anos, grazas á xestión española dos fondos europeos e o Plan de Recuperación.

Esta gran aportación permitirá renovar parte do corpo tecnolóxico dos centros sanitarios galegos, coa incorporación de novos equipamentos e a renovación doutros que precisaban esta mellora. Con estas melloras, a cidadanía de Galicia poderá manter unha altísima calidade no acceso a procedementos terapéuticos e diagnósticos, así como optimizar os diagnósticos temperás en ámbitos como enfermidades neurolóxicas, oncolóxicas ou enfermidades raras.

Ademais este investimento permitirá optimizar o aproveitamento da alta tecnoloxía no eido sanitario, ampliando as posibilidades de utilización deste aparataxe e aumentar a súa taxa media de uso.

Ante este escenario que permite un salto tecnolóxico á sanidade galega, é necesario aproveitar a alta cualificación e formación dos profesionais sanitarios para poder aproveitar ao máximo das posibilidades os novos equipamentos que chegan ao sistema público de saúde.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que tipo de equipos tecnolóxicos están incluídos na nova dotación ao Sergas cos fondos do plan estatal INVEAT do Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 09:55:02
Nº Rexistro: 32517
Data envio: 18/03/2022 09:55:02.977

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela  na data 18/03/2022 09:50:56**

**Marina Ortega Otero  na data 18/03/2022 09:51:15**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:15:17
Nº Rexistro: 32523
Data envío: 18/03/2022 10:15:17.219

**Á Mesa do Parlamento**

**Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Son varias as iniciativas rexistradas dende este grupo parlamentario arredor da necesidade de desenvolver e dar cumprimento á Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. No que atinxe á Consellería de Cultura, Educación son varios os artigos que contempla a lei e que cómpre atender:

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos. A consellería competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, no seu caso, escoitará ás asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, dará visibilidade na educación aos diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 23. Actitudes. A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Artigo 24. Formación do persoal docente. Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporarase a realidade LGTBI e os diferentes modelos de familia aos cursos e mestrados de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagoxía, Psicoloxía e Dereito. Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA. A consellería competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade. 1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso. 2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellería competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Artigo 27. Centro de documentación. O órgano competente da Comunidade Autónoma neste ámbito favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTBI e en materia de orientación sexual e identidade de xénero.

Artigo 28. Impulso a producións culturais. 1. A consellería competente en materia de cultura impulsará e apoiará as producións culturais que contemplen a realidade LGTBI e potenciará referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade. 2. A Xunta de Galicia promoverá e apoiará a realización, por parte dos gobernos locais, de actividades culturais para a concienciación e a normalización do feito LGTBI, principalmente nos municipios rurais.

A educación en diversidade é a mellor vacina contra a LGTBIfobia, un problema que se está a manifestar cada vez con máis violencia e unha ferramenta para garantir a igualdade de dereitos e combater os discursos de odio. O goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de dar cumprimento ás leis, e no caso da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais queda de manifesto que anos despois da súa aprobación queda moito por facer.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:15:17
Nº Rexistro: 32523
Data envío: 18/03/2022 10:15:17.219

Neste contexto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Consellería de Cultura e Educación o incumprimento de varios artigos da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación LGTBI que son da súa competencia?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 18/03/2022 10:12:50**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2022 10:12:58**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:17:05
Nº Rexistro: 32530
Data envio: 18/03/2022 10:17:05.514

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as explicacións que debe dar a Xunta de Galiza após a anulación por parte do Contencioso-administrativo número 1 de Ourense do contrato para a xestión da estación de esquí de Manzaneda á empresa Artabria Turismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de marzo de 2021 coñeceuse a través dos medios de comunicación a anulación por parte do Contencioso-administrativo número 1 de Ourense do contrato para a xestión da estación de esquí de Manzaneda á empresa Artabria Turismo. É necesario recordar que este proceso gozara xa dunha importante polémica por mor do seu procedemento e da falta de explicacións da Xunta de Galiza e da Deputación de Ourense, institucións nas que o Bloque Nacionalista Galego xa trasladou no seu día as súas cuestións, respondidas con evasivas.

Anteriormente, o día 30 de decembro de 2020 coñecíase a adxudicación sorpresiva do contrato de xestión da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda a través dun procedemento que levantar importantes dúbidas e que non fora clarificado, nin tampouco os criterios económicos do contrato desta adxudicación, a unha empresa fundada en febreiro de 2020 e sen aparente experiencia na xestión deste tipo de instalacións. Esta situación, nunha instalación que ten no seu historial constantes



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

problemas de funcionamento e deficiencias de planificación económica, deixaba xa moitas incógnitas no aire que non son propias da transparencia exixíbeis ás administracións públicas.

Tras quedar deserto o concurso para a adxudicación do contrato para a xestión da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda de meses antes por incumprimento dos requisitos exixidos no prego de condicións polas dúas empresas que se presentaron, na páxina de MEISA non figuraba que se iniciase un novo concurso para adxudicar a xestión da estación.

Esta nova adxudicación incumpriría, segundo advertiamos daquela desde o nacionalismo galego, ademais, o último prego de condicións do 30 de xullo de 2020, que as propias institucións, Xunta e Deputación, se deran a si mesmas para contratar con MEISA. Incumpríndose no apartado 7.1 referido á "aptitude do contratista" que establece que só poderían contratar con MEISA as persoas que teñan unha actividade relacionada directamente co obxecto do contrato. Así mesmo, incumpriríase o apartado 7.2 referido ás "condicións mínimas de solvencia" que establece que o "volume de negocio, que referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos concluídos sexa igual ou superior ao volume do contrato".

Así as cousas, tendo en conta que a adxudicataria non tiña nin sequera un ano de xestión e que, segundo a súa propia páxina web, o único servizo operativo do que dispuña era "un coqueto hotel de sete habitacións" en Panamá, non cumpriría coas condicións do último prego de condicións que levou a que ficase deserto o concurso de adxudicación no mes de outubro de 2020.

Esta estación debera ser unha aposta fundamental para as comarcas encadradas no xeodestino Manzaneda-Trevinca. Porén, despois dos inxentes fondos investidos



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:17:05
Nº Rexistro: 32530
Data envío: 18/03/2022 10:17:05.514

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polas administracións públicas, Xunta de Galiza e Deputación, para manter e mellorar, con até 4,5 millóns de euros investidos uns canóns de neve que apenas funcionaron dúas semanas en dous anos, non é aceptable que se faga unha adxudicación deste calibre sen coñecer os aspectos fundamentais da mesma. Esta cuestión foi levada por este mesmo Grupo á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos onde a Sra Dra da Axencia de Turismo respondeu con evasivas. Demandamos coñecer cuestións relativas ao procedemento de licitación, o informe previo á adxudicación, os prazos, as garantías de funcionamento, ás posibles melloras, aos criterios económicos desta licitación ou se a Xunta de Galiza e Deputación de Ourense puxeron a disposición fondos públicos para facer fronte as melloras no funcionamento.

Así as cousas, na sentenza que vén de coñecerse sinálase a anulación con motivo de que Meisa recorreu á adxudicación directa sen publicidade e convidando ao procedemento a unha soa empresa cando debeu, cando menos, convidar tres. Incumpriuse, polo tanto, o principio de concorrencia e non discriminación. Entre outras cuestións, a sentenza sinala, ademais, que malia o que argumenta a Xunta de Galiza, non se achega ningún acordo do Consello de Administración en virtude do cal se confira apoderamento á Sra Dra da Axencia de Turismo para poder contratar directamente en representación da sociedade.

A Xunta de Galiza conta co 49,65 % das accións de MEISA polo que debe dar explicacións e asumir responsabilidades pola fraude na xestión dos recursos públicos dos galegos e galegas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:17:05
Nº Rexistro: 32530
Data envio: 18/03/2022 10:17:05.514

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que responsabilidades vai asumir a Xunta de Galiza a anulación da adxudicación da estación de esquí de Manzaneda?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2022 10:08:26**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2022 10:08:33**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/03/2022 10:08:42**

**Daniel Pérez López na data 18/03/2022 10:08:58**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:44:44
Nº Rexistro: 32534
Data envio: 18/03/2022 10:44:44.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de estratexia para o mellor funcionamento da Filmoteca de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2021, desde o grupo parlamentario do BNG urximos a Xunta a activar unha serie de medidas que impulsasen o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), situado na cidade da Coruña.

En sede parlamentaria demandamos ao director da AGADIC, Jacobo Sutil, actuacións comprometidas para reverter o abandono ao que leva sometida o PP a nosa filmoteca nacional ao longo do seu goberno.

Cubrir a praza de dirección do CGAI, vacante desde 2019, mellorar as súas instalacións e impulsar a actividade audiovisual e cultural, abrir ao público a biblioteca e a mediateca, preservar o arquivo histórico documental e cinematográfico ou ensanchar o proxecto didáctico foron algunhas das demandas expostas polo grupo parlamentario do BNG perante o director da AGADIC na Comisión 4ª de Educación e Cultura.

A inconcreción e vaguidade das respostas do director da AGADIC non esclareceron nada nin transmitiron un proxecto claro de planificación adaptado a un centro estratéxico do noso patrimonio cultural como é o CGAI. Mesmo mentiu ao



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:44:44
Nº Rexistro: 32534
Data envio: 18/03/2022 10:44:44.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avanzar que a praza de director sería cuberta proximamente, despois da publicación do estatuto de AGADIC e con base na sede da Filmoteca, o que aínda non ocorreu transcorrido xa un ano deste anuncio.

Con todo, si é certo que a AGADIC cumpriu en algo a súa palabra, pois, tal e como anunciara, o popularmente coñecido como CGAI mudou de nome para o de “Filmoteca de Galiza” co obxectivo de permitir que "toda a comunidade" sexa consciente de que se dispón dun arquivo audiovisual e "utilizar a mesma nomenclatura" que nas instalacións do resto de España.

Asemade, nesta altura están en andamento as tan necesarias obras da cabina de proxeccións e á espera de comezar as da sala de proxeccións, desmantelada desde hai meses, o que obriga a permanecer pechada, inaccesíbel ao público e, polo tanto, sen programación desde o 6 de outubro de 2021.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como xustifica o goberno a parálise da Filmoteca de Galicia despois do incumprimento das promesas de reactivación hai un ano?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 10:44:44
Nº Rexistro: 32534
Data envio: 18/03/2022 10:44:44.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas  na data 18/03/2022 10:42:33**

**Daniel Castro García  na data 18/03/2022 10:42:37**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 18/03/2022 10:42:48**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 12:15:51
Nº Rexistro: 32538
Data envío: 18/03/2022 12:15:51.260

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dúas sentenzas da sección terceira do TSXG do 9 de novembro de 2020 anularon a aprobación definitiva por parte do Consello da Xunta dun parque eólico, o de Sasdónigas, en Mondoñedo, considerando que *"en Sasdónigas estamos ante unha fragmentación en dúas fases realizada pola promotora, sendo evidente que o emprazamento xeográfico é o mesmo e se comparten elementos clave de funcionamento"* e que *"atopámonos ante a división artificial dun único Parque Eólico en dos fases; a fase II carece dos elementos e equipamentos necesarios para ser considerada unha instalación independente da fase I, entendendo o T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que a figura do Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde unha perspectiva unitaria"* e que *"realizando unha avaliación ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evítase unha verdadeira avaliación global de todo o proxecto".* Tamén di esa sentenza que *"Para que as modificacións dun parque eólico teñan o carácter de non esencial, haberán de dispor de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación; e, no presente caso, si ben existe, o documento non contén todos os informes sectoriais necesarios para valorar correctamente a incidencia ambiental da modificación proposta pola promotora".*

Engaden esas sentenzas que non se valoraron correctamente "elementos especialmente protexidos, como o Camiño de Santiago", nin o seu "impacto visual e acústico", nin o feito de que afecte "a importantes recursos hídricos", entre eles dúas lagoas.

As citadas resolucións xudiciais foron recorridas pola Xunta ante o Tribunal Supremo, que en dúas sentenzas recentes confirmou as do TSXG. Así, como consecuencia do fraccionamento do proxecto, o Tribunal Supremo considera que non se tiveron en conta os efectos sinérxicos ou acumulativos das dúas fases do parque eólico, o cal implica a nulidade da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) e, por tanto, dos proxectos que serviron de base aos parques.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 12:15:51
Nº Rexistro: 32538
Data envío: 18/03/2022 12:15:51.260

Confirma tamén o Tribunal Supremo que a DIA tampouco valorou axeitadamente elementos de especial protección, en concreto o camiño de Santiago, un xacemento arqueolóxico e dúas lagoas.

Estas sentenzas do Alto Tribunal crean xurisprudencia sobre tres aspectos moi importantes no desenvolvemento de futuros parques e dos que están xa en funcionamento e clarifican o marco normativo de referencia por se existía aínda algunha dúbida por parte da Administración galega.

Por unha parte, as sentenzas implican de feito unha prohibición da fragmentación dos proxectos, o que deixa en evidencia a "mala praxe da Xunta" ao permitirlles ás empresas, como ocorre neste caso de Sasdónigas, acudir a este procedemento fraudulento. Por outra, marcan a necesidade de valoración dos efectos sinérxicos e acumulativos de cada parque". Deste xeito, o estudo medioambiental dos proxectos debe incluír os efectos prexudiciais dos demais parques que existan na zona, xa que se pode dar o caso de que se cumpra a normativa individualmente pero no de xeito acumulativo. Finalmente, determinan a necesidade de que os proxectos deben ofrecer alternativas reais e viables á construción dos parques en cuestión, de xeito que se poida elixir entre as distintas opcións formuladas.

Estas sentenzas non implican ningunha novidade, porque as súas consideracións xurídicas xa estaban establecidas por outras anteriores, pero si son altamente clarificadoras sobre a interpretación errónea que de xeito sistemático se está a facer desde a Administración galega, particularmente nos tres aspectos que antes comentamos. Implican, ademais, un aviso moi claro sobre por onde van ir as futuras resolución xudiciais que se diten en materia eólica en Galicia e fóra do noso territorio, e obrigan a que a Xunta adapte a súa actividade administrativa a elas.

Ábrese agora unha complexa fase de execución de sentenza, que pode incluír o desmantelamento das instalacións e a restitución no posible dos terreos ao seu estado anterior, manter parte delas con compensacións aos propietarios dos terreos ou posibles indemnizacións por uso indebido das instalacións.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

É consciente o Goberno de Galicia do gran problema que implica a actuación contraria a dereito por parte da Administración galega que poñen de manifesto as sentenzas do TSXG e do TS referidas na exposición de motivos desta iniciativa?

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 12:15:51
Nº Rexistro: 32538
Data envio: 18/03/2022 12:15:51.260

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/03/2022 16:48:05**

**Paloma Castro Rey na data 17/03/2022 16:48:25**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Trala consulta informativa realizada por unha empresa sobre a posible rehabilitación da antiga canteira de Niveiro con residuos non perigosos, existe unha gran preocupación no concello coruñés de Val do Dubra. A pesar de que o proxecto conta cun informe negativo do propio concello, parece que a empresa mantén o seu propósito.

Existen dúbidas e moita preocupación polas consecuencias que ese proxecto podería causar, como o excesivo tráfico pesado, o ruído e os cheiros e a afectación á calidade das augas, nuns concellos onde a agrogandeiría é a súa principal actividade.

Para a súa tramitación última son preceptivos diversos informes da Xunta de Galicia, que si podería autorizar a restauración ambiental desa vella canteira de áridos, pero convén saber de que maneira se efectuaría para non dar lugar a un vertedoiro que conta coa oposición veciñal e da corporación do concello de Val do Dubra.

Por todo isto, e facendo nosa a preocupación do grupo municipal socialista de Val do Dubra e o seu interese pola máxima transparencia con respecto a este proxecto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

En que estado se atopa o expediente de restauración da antiga canteira de Niveiro?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2022 12:19:46**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 12:34:23
Nº Rexistro: 32545
Data envio: 18/03/2022 12:34:23.082

**Martín Seco García  na data 18/03/2022 12:19:58**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 18/03/2022 12:20:12**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 12:41:22
Nº Rexistro: 32551
Data envío: 18/03/2022 12:41:22.215

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No mes de xullo do ano 2021 o Parlamento galego aprobaba por unanimidade unha modificación da lei galega para a prevención da violencia de xénero para introducir como unha forma máis de violencia machista a violencia vicaria, entendida como "o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.» ".

Esa reforma lexislativa contou tamén co voto favorable do aínda presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo. Por iso, resulta sorprendente e inexplicable que no día de onte, a preguntas dos medios de comunicación sobre as declaracións do conselleiro de Saúde andaluz asegurando que é preferible empregar "violencia intrafamiliar" que violencia machista, o Sr. Feijóo asegurase de maneira contundente e literal: "Hai un tempo sufrimos un asasinato producido por un pai que, por un problema coa súa parella, asasinou ás súas dúas fillas. Iso non e violencia machista, iso é violencia intrafamiliar".

É profundamente preocupante que o presidente do Goberno galego non só descoñeza a lexislación do País que goberna, senón e sobre todo que negue con rotundidade que unha das formas máis crueis de maltrato exercida contra a muller a través dos menores non é violencia machista. Así mesmo, tamén é preocupante que minimice o maltrato coa expresión "un problema coa súa parella".

Diante destas gravísimas declaracións do aínda presidente da Xunta de Galicia, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego as declaracións contundentes do presidente da Xunta de Galicia negando a existencia da violencia vicaria?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2022

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 12:41:22
Nº Rexistro: 32551
Data envío: 18/03/2022 12:41:22.215

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2022 12:04:09**

**Julio Torrado Quintela na data 18/03/2022 12:04:24**

**Marina Ortega Otero na data 18/03/2022 12:04:47**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32572
Data envio: 18/03/2022 14:10:41.779

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García**, **Luis Bará Torres**, **Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo actuacións inmediatas sobre a Casa de Galiza de Montevideo.

O legado dos emigrantes galegos no exterior é moi importante e representa parte do patrimonio cultural e inmaterial de Galiza. A Casa de Galiza foi fundada no 1917 grazas ao esforzo inxente do Pobo galego emigrante en Montevideo, sendo as paredes desa entidade a sede do Consello de Galiza, a sede do Goberno galego no exilio. A situación do Centro Casa de Galiza en Montevideo é moi preocupante e require unha actuación da Xunta urxente para a mediación antes do 31 de marzo na salvagarda do patrimonio cultural do Centro, conformado por unha variedade de obras artísticas como a escultura "A Santiña" de Asorey, unha biblioteca con exemplares de 1917 e numerosas pezas cerámicas, mobiliarias e artísticas, recibidas ou mercadas co esforzo das galegas e galegos. O 31 de marzo remata a data final para proceder posteriormente ao cobro das débedas dos acredores da Casa de Galiza e polo tanto á venda do seu patrimonio mobiliario e inmobiliario, con gran impacto para a colectividade galega de Uruguai.

Por esta razón, unha representación do BNG visitou o luns 14 de marzo as instalacións sitas na Avenida 18 de xullo e no Hospital, reuniuse con socias e socios, traballadores da entidade, con exmembros da Comisión de Cultura e co Ministro de Saúde Pública da República Oriental do Uruguai, para informarse in situ da problemática situación.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32572
Data envio: 18/03/2022 14:10:41.779

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación actual debido ao procedemento xudicial que decreta o peche de Casa de Galiza o 23 de decembro é moi preocupante, pois implica a disolución da histórica entidade co peche total  de actividades.

A esta situación chegouse, entre outros factores, pola acumulación de débedas e por unha mala xestión. Alén disto é necesario lembrar que o Presidente saínte de Casa de Galiza recoñeceu nunha entrevista que “foi instado polo Goberno galego a presidir a entidade”.

O BNG xa formulou nunha pregunta anterior con resposta escrita número 24334, onde se expresaba a nosa preocupación pola gravísima situación do Centro e a afectación sociosanitaria e ambulatoria para as socias e socios, a falla de transparencia e información. A resposta do Goberno galego informaba que “estaban pendentes da evolución da situación”.

Para o BNG foi sorprendente ter a confirmación do Goberno da República Oriental do Uruguai de que “o Goberno galego negouse a axudar nesta difícil situación, malia que llo pediron”. Foi tamén sorprendente saber en Montevideo desta situación, mentres nos daban unha resposta de suposta mediación diplomática.

Dito isto, a preocupación pola situación da histórica sociedade fundada en 1917 vai tamén noutras direccións como o desmantelamento do patrimonio, a situación sociosanitaria das socias e socios galegos co cese ambulatorio e o traslado e derivación de pacientes a outras entidades integradas no Sistema Nacional de Saúde de Uruguai, a situación das traballadoras e traballadores e a súa redistribución na que é importante o respecto da súa antigüidade e salario e a garantía da cobertura e calidade asistencia das persoas usuarias, moitas delas maiores, ademais da grave situación de cen socios galegos de avanzada idade en situación de pobreza que non pagaban cota porque a propia Xunta de Galiza cubría ese pagamento.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza convocar urxentemente a unha reunión das tres forzas parlamentares para a mediación nesta grave situación?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Iria Carreira PAzos**

**Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 18/03/2022 14:07:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2022 14:07:35**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2022 14:07:43**

**Daniel Castro García na data 18/03/2022 14:07:50**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32580
Data envío: 18/03/2022 14:24:29.721

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. A sanidade é un deles.

O cada vez maior abandono no que se atopa a Atención Primaria en Galicia déixase ver de maneira máis notoria no ámbito rural, onde non está garantida a cobertura de profesionais, non se ofrecen moitas especialidades asistenciais e existe unha certa parálise na construción e/ou reforma de novos centros de saúde necesarios. Este abandono repercute de maneira global en todos os concellos, pois provoca a saturación dos centros de saúde de referencia, que cada vez carecen dunha maior falta de espazos e de recursos humanos.

Un destes casos é o do concello coruñés de Negreira, que conta cun centro de saúde cun Punto de Atención Continuada (PAC) que dá acubillo tanto á súa veciñanza como a dos concellos limítrofes da Baña ou Brión e que carece dos recursos suficientes para dar resposta ás necesidades da poboación que asiste, algo inasumible como capital de comarca que é.

Mais pese a esas deficiencias, fundamentalmente de espazo físico, é o Concello de Negreira quen asume todos os gastos de mantemento e conservación, o que supón un gasto aproximado de 70.000 euros, entre o persoal de limpeza, electricidade, material de limpeza e desinfección, lavandería ou o gasóleo de calefacción.

Esta falla de espazo está a provocar graves disfuncións no centro, que afectan á normal organización do traballo e á correcta asistencia das persoas doentes. Así, a traballadora social de recente incorporación tivo que ser emprazada na zona do PAC -ao igual que a matrona ou a sala de analíticas-, tendo que modificar os seus horarios para poder realizar a desinfección necesaria antes de comezar co servizo de urxencias.

Ademais, as mulleres de Negreira teñen que se trasladar ata Brión para realizaren a preparación do parto por non ter unha sala axeitada no seu concello. Máis

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32580
Data envío: 18/03/2022 14:24:29.721

recentemente, houbo que declinar o ofrecemento para o centro de saúde dunha enfermeira adxunta ao servizo de pediatría por parte do Sergas por non atopar espazo onde situala.

Se a iso se lle suman salas de agarda comúns para todos os servizos da Atención Primaria, en interior e practicamente sen ventilación, resulta un centro deficitario e con nulas opcións de mellora. Esta situación levou ao Concello, xa que logo, a estudar diversas posibilidades de reemprazamento de servizos e mesmo ampliacións, pero todos os informes técnicos fan inviable calquera desas operacións.

A Xunta de Galicia ten en marcha o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria, que consiste en diversas actuacións de mellora e/ou construción de novos centros de saúde en numerosos concellos galegos, pero entre eles non figura o de Negreira a pesar de que moitos dos que figuran no Plan comparten as mesmas necesidades e contan co mesmo numero de tarxetas sanitarias.

O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 incluía como obxectivo estratéxico de actuación no ámbito da saúde o reto 'Renovar e modernizar os edificios da rede de Atención Primaria para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos e das profesionais' orientado ao resultado de 'Contar con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e cuns estándares de confort axeitado'. Isto tamén aparecía reflectido na Estratexia Sergas 2020, que contemplaba dentro da súa Liña Estratéxica 20 o proxecto de 'Reforma, ampliación e modernización de centros de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia para mellorar a atención sanitaria prestada aos usuarios do sistema e ás condicións e medios de traballo dos profesionais".

Por todo o exposto, consideramos necesaria a construción dun novo centro de saúde en Negreira que dea resposta ás novas necesidades asistenciais da súa cada vez maior poboación asistencial. Para este novo centro, o Concello cederíalle ao Sergas unha parcela municipal emprazada a carón do actual centro de saúde.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera necesario o Goberno galego a construción dun novo centro de saúde no concello de Negreira?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2022

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 18/03/2022 14:17:44**

**Julio Torrado Quintela  na data 18/03/2022 14:17:57**

**Marina Ortega Otero  na data 18/03/2022 14:18:05**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 32583
Data envío: 18/03/2022 19:07:19.805

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos. O de saúde é un deles, que se debe ofrecer coa mellor das calidades e a maior das garantías, algo que non está a acontecer no concello de Negreira ao non garantir a cobertura de profesionais.

Dende comezos do mes de marzo fíxose aínda máis manifesto o deterioro na atención do Centro de Saúde de Negreira, no que as persoas doentes non atopan ocos en todo o mes para unha cita nin presencial nin telefónica, polo que se ven na obriga de acudir ao servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

A situación caótica que esta a vivir o centro está motivado polas baixas ou licenzas dalgúns dos profesionais, que non son cubertas de maneira temporal polo Sergas, o que provoca a lóxica sobresaturación dos que están en activo.

Ao levaren varias semanas nesta situación, as enfermidades máis graves no están sendo atendidas coa dilixencia debida, non se diagnostican as posibles novas doenzas e non se está a levar un seguimento axeitado nos casos de corentena por covid.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Pensa garantir o Goberno galego a través do Sergas a cobertura inmediata das ausencias temporais do persoal facultativo do Centro de Saúde de Negreira?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2022 14:14:17**

**Julio Torrado Quintela na data 18/03/2022 14:14:31**

**Marina Ortega Otero na data 18/03/2022 14:14:42**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:21:50
Nº Rexistro: 32594
Data envio: 21/03/2022 10:21:50.399

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A campaña internacional que se está a levar a cabo por parte de distintas ONGs, esixindo a prohibición do arrastre de fondo, tivo o seu punto máis álxido no pasado mes de decembro, cando o eurocomisario de Pesca e o vicepresidente primeiro da Comisión Europea, e responsábel do Pacto Verde Europeo, amosáronlle publicamente o seu apoio, poñendo, unha vez máis, por diante a preponderancia dos aspectos medioambientais sobre os económicos e, sobre todo, sobre os sociais na xestión das pesquerías.

Un apoio que fixo reaccionar ao sector en toda Europa e que mesmo levou a que distintas asociacións pesqueiras pediran a dimisión do comisario de Pesca, denunciando a intención da Comisión de querer eliminar, coas súas decisións e actuacións, a pesca de arrastre e, como consecuencia, o maior soporte do mercado fresco nas localidades costeiras.

Diante da inminente presentación do Plan de Acción da Comisión para preservar os mares e océanos, no marco do Pacto Verde e da Estratexia Biodiversidade 2030, onde se prevén medidas para limitar o uso de determinadas artes de pesca, máis de 100 buques arrastreiros galegos e a industria que indirectamente se vería afectada non ocultan a súa enorme preocupación.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:21:50
Nº Rexistro: 32594
Data envio: 21/03/2022 10:21:50.399

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medidas que afectarían, ademais, a unha parte importante da frota galega de artes menores (rastros, trasmallos, bous ou miños) e que terían unha incidencia e un impacto socioeconómico na nosa costa que podería ser verdadeiramente letal.

Esta frota contabiliza no noso país preto máis de 180 barcos con permiso para o rastro, preto de 900 autorizados para a pesca con miños, outros tantos para a pesca con trasmallos e máis de 80 con permiso para o bou de bara.

O Plan de Acción para conservar os recursos pesqueiros e protexer os ecosistemas mariños fixará as medidas e procedementos para efectivizar os obxectivos da Estratexia Biodiversidade 2030 e é interpretado polo sector pesqueiro da frota de arrastre e outras artes de fondo como un risco real. Tanto é así que xa vén de provocar a creación da EBFA, Alianza Europea da pesca de fondo, que aposta por defender o peso socioeconómico, a contribución ás capturas comunitarias e ao abastecemento de pesca, así como a sostibilidade desa arte.

A Alianza quere dar a coñecer que o arrastre é unha das artes máis reguladas e controladas xa neste momento e sobre a que existen amplos estudos cos que pretenden combater o descoñecemento sobre esa modalidade de pesca.

Diante da inquietude do sector, tanto o goberno español como o de Galiza expresaron o seu apoio ás artes de fondo na Unión Europea e comprometéronse a defendelas.

É evidente, tamén neste caso, que o obxectivo de intentar lograr un equilibrio entre a conservación e a produción sostíbel de alimentos que proveñen do mar non pode ser acadado mediante prohibicións rotundas e terá que ter en conta moitos outros factores que están en xogo. Entre eles, que a pesca de fondo xa se realiza en áreas limitadas, que aporta un importante número de especies (peixe sapo, rapantes, cigalas,



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gambas, linguados, etc.) que dificilmente poderían ser capturadas con outras modalidades de pesca, que é un piar principal de emprego nas zonas costeiras do noso país, que funciona baixo un forte regulación, que ata o de agora non provocou sobreexplotación ou colapso dos stocks das especies que captura e que ten unha pegada ambiental mínima, entre outros.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que as medidas que está a levar a cabo a Unión Europea en materia pesqueira para contribuír a combater o cambio climático manteñen o equilibrio entre a conservación e a protección e a produción sostíbel de alimentos que proveñen do mar?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 21/03/2022 10:19:01**

**María do Carme González Iglesias na data 21/03/2022 10:19:05**

**Daniel Castro García na data 21/03/2022 10:19:14**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:38:53
Nº Rexistro: 32601
Data envío: 21/03/2022 10:38:53.123

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 206.1 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, dispón que a idade mínima esixida para ter dereito á pensión de xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social poderá ser reducida por Real Decreto, a proposta da persoa titular do "Ministerio de Empleo y Seguridad Social", "naqueles colectivos ou actividades profesionais cuxos postos de traballo sexan de carácter excepcionalmente penoso, tóxico, perigoso ou insalubre e presenten altos índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza. Para tales efectos, establecerase regulamentariamente o procedemento xeral que deberá observarse para rebaixar a idade de xubilación, que incluirá os estudos previos sobre a sinistralidade do sector, a penosidade, a perigosidade e a toxicidade das condicións de traballo, a súa incidencia na incapacidade laboral do traballadores e os requisitos físicos esixidos para o desenvolvemento da actividade".

Este desenvolvemento normativo determinou a aprobación do Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no réxime



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Seguridade Social, que no seu artigo 2, "supostos nos que resulta oportuno o establecemento dos coeficientes redutores ou a anticipación da idade de acceso á xubilación", di: "O establecemento de coeficientes redutores ou, no seu caso, a anticipación da idade para acceder á xubilación anticipada a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 161.bis.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/. 1994, do 20 de xuño, realizarase, nos termos e condicións previstos neste real decreto, respecto das actividades que necesariamente deban estar incluídas nalgunha das seguintes:

a) As actividades laborais das escalas, categorías ou especialidades cuxo exercicio supoña a suxeición a unha taxa excepcional de penuria, perigosidade, insalubridade ou toxicidade e nas que se comproben elevadas taxas de morbilidade ou mortalidade ou de incidencia de enfermidades profesionais; Ademais, a morbilidade e mortalidade por enfermidade e a súa relación directa co traballo, e a incapacidade permanente derivada da enfermidade nos termos sinalados no artigo 115.2.e) da Lei xeral da Seguridade Social, que se produzan en grao superior á media.

b) As actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades cuxo desempeño, en función dos requisitos físicos ou psíquicos requiridos para o seu desempeño, supoña unha penuria excepcional e experimenten un notable incremento da sinistralidade a partir dunha determinada idade, constituída pola taxa de accidentes de traballo e/ou a taxa de enfermidades profesionais; Ademais, a morbilidade e mortalidade por enfermidade e a súa relación directa co traballo, e a incapacidade permanente derivada da enfermidade nos termos sinalados no artigo 115.2.e) da Lei xeral da Seguridade Social, que se produzan en grao superior á media".

O Servizo de Gardacostas de Galiza foi creado a través da Lei 2/2004, para substituír ao anterior Servizo de Protección de Recursos que viña funcionando dende o



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:38:53
Nº Rexistro: 32601
Data envio: 21/03/2022 10:38:53.123

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 1990. Nela establécese que lle corresponde a este Servizo realizar funcións de inspección, prevención e corrección en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, dende a súa primeira fase de produción e explotación ata a fase de comercialización nas súas diversas formas, realizando as actuacións necesarias para a protección dos recursos marítimo-pesqueiros e acuícolas. Así mesmo, este Servizo ten encomendadas funcións en materia de salvamento marítimo, velando polo cumprimento das normas de seguridade e actuando en caso de accidentes, sinistros ou emerxencias de calquera tipo que se producen no ámbito marítimo e excepcionalmente noutros ámbitos, que requiren a súa colaboración e participación. Tamén lle corresponde a realización das actuacións necesarias en materia de loita contra a contaminación mariña accidental a través da prevención, detección, minoración e eliminación das verteduras ao mar, empregando os medios adecuados nestas actuacións.

Este persoal está sometido a unha serie de peculiaridades, as cales veñen recollidas no Decreto 136/2017, do 17 de novembro, de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza, que especifica que o seu réxime de traballo dos seus membros desenvolverase "entre as 00.00 e as 24.00 horas, todos os días do ano, en función das quendas rotatorias que establezan as persoas responsables e que se axustarán aos horarios que se fixen por orde da persoa titular da consellería competente en materia de pesca e asuntos marítimos". Ademais, establece que "Para o desenvolvemento da función inspectora, todo o persoal do Servizo utilizará medios terrestres, marítimos ou aéreos indistintamente, ou unha combinación de varios deles, segundo o carácter da misión e seguindo as instrucións recibidas".

Por outro lado este persoal funcionario está adscrito ao Réxime Xeral da Seguridade Social, a pesares de ter a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos do persoal embarcado: Titulacións e certificados en vigor, figurar na lista de tripulantes, ter a libreta de navegación ao día, pasar o recoñecemento médico, etc., sen que se lle



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:38:53
Nº Rexistro: 32601
Data envio: 21/03/2022 10:38:53.123

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñeza ningunha protección nin coeficientes respecto a outros servizos de análoga natureza adscritos ao réxime do ISM. Sen dúbida, isto inflúe na súa operatividade dado a avanzada idade que en moitos casos presentan as súas tripulacións e que se reflicte en doenzas crónicas asociadas á actividade realizada coma artrose, lumbalxias, hernias, etc., así como unha maior exposición a sufrir accidentes.

Hai que ter en conta que este Servizo ten encomendadas tarefas de salvamento marítimo, labores que na nosa costa son por desgraza frecuentes, e para as que é necesario estar nunhas condicións físicas óptimas que non se teñen superada certa idade polo que se pon en perigo tanto á persoa que vai rescatar como a que ten que ser socorrida.

O propio RD 1311/2007, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, recolle no seu artigo 1.a.2º como actividade á que se lle debe reducir a idade mínima de xubilación a de "embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación", que é precisamente unha das funcións que ten encomendada o persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza e que si figuraba xa como persoal incluído no REMAR antes de que se creara o Servizo de Protección de Recursos e a escala técnica de vixilancia pesqueira pola Lei 12/1992, do 9 de novembro.

No entanto, O ISM considerou, na súa circular 4/2017, do 28 de xullo, excluídos a estes traballadores do REMAR por consideralos "persoal de seguridade", obviando as funcións en materia de salvamento e de loita contra a contaminación mariña accidental, segundo a lei 2/2004, da creación do Servizo.

A situación actual dos traballadores e traballadoras do Servizo de Gardacostas de Galiza no relativo á súa idade de xubilación, resulta aínda máis inexplicábel se temos



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en conta que a día de hoxe existen incluso varias sentenzas xudiciais favorábeis a traballadores do Servizo que demandaron ao INSS e que acabaron obrigándoo a aplicar os coeficientes redutores de idade (COES).

É evidente que as particularidades das actuacións a levar a cabo polos membros deste Servizo esixen que no desenvolvemento do seu traballo e no cumprimento das funcións que teñen asignadas teñan un tratamento específico en canto ao seu réxime de traballo, da dispoñibilidade, de nocturnidade, de turnicidade, de perigosidade e penosidade, de celeridade nas súas actuacións, etc., e polo tanto tamén debe ser recoñecido cunha redución da súa idade de xubilación.

E está constatado que este é un asunto que preocupa a todos os Grupos da Cámara galega, xa que con anterioridade teñen prosperado iniciativas neste sentido, mais ata o de agora non tiveron aínda o resultado agardado. Descoñecendo as xestións que se puideron ter levado a cabo pola propia administración autonómica, consideramos positivo reforzar as mesmas cun informe propio da Xunta de Galiza sobre o índice de mortalidade e, sobre todo, de morbilidade que vén afectando ás persoas pertencentes ao Servizo de Gardacostas de Galiza ao longo dos anos, posibilitando así unha argumentación aínda máis fundamentada a prol dunha vella e xusta reivindicación dos traballadores e traballadoras do devandito Servizo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten levado a cabo o goberno galego algunha actuación para a consecución da redución da idade de xubilación, e dos coeficientes redutores correspondentes, do persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza?



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:38:53
Nº Rexistro: 32601
Data envio: 21/03/2022 10:38:53.123

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 21/03/2022 10:34:52**

**María do Carme González Iglesias na data 21/03/2022 10:34:56**

**Daniel Castro García na data 21/03/2022 10:35:06**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:53:54
Nº Rexistro: 32603
Data envío: 21/03/2022 10:53:54.303

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Despois de que o noso sector agrario sufrise as consecuencias económicas da crise da covid-19 e sen darlle tempo á recuperación, vemos como a invasión do Goberno ruso ao territorio ucraíno comeza a traer unha grande incerteza de carácter económico para moitos sectores produtivos entre os que sen dúbida se atopan a gandaría e a agricultura.

A situación dos mercado dos insumos xa era preocupante polas consecuencias que está provocar a seca nas principais zonas de abastecemento de cereais do outro lado do atlántico, unha situación que chega tamén aos grandes produtores europeos, que sumado á situación de guerra nun país produtor de cereais como é Ucraína, vaise ver agravada. E todo isto, nun territorio como o galego que sofre en maior medida esta situación pola súa ínfima superficie agraria útil, derivada da falla de aposta dos sucesivos gobernos do PP na Xunta de Galicia por recuperar terra para a actividade agraria e evitando poñer en marcha mecanismos útiles para a dita recuperación e abandonando os que xa existían, unha situación que nos sitúa á cola de España e Europa en superficie para a produción agraria.

Outra das cuestións que afectan directamente ás ditas explotacións é a alza continuada dos prezos do combustible e a enerxía, cun sistema eléctrico herdado do Goberno de Mariano Rajoy que paralizou a aposta polo sector das renovables e condenou a España a ter demasiada dependencia do gas, implantando un sistema tarifario que está marcado polos prezos do dito combustible. Pese a que o Goberno central actual está dándolle un forte impulso ás renovables, coa redución de impostos a mínimos históricos e modificando o marco lexislativo para eliminar os beneficios caídos do ceo que cobran as empresas eléctricas por producir electricidade con tecnoloxías non dependentes do gas e sen emisión de CO2, pero que cobran como se fosen producidas co dito combustible, unha aposta que secundou a UE nestas datas, e que teremos que esperar os tempos lexislativos para que sexa unha realidade e teña efecto nas facturas que pagan os usuarios e empresas.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:53:54
Nº Rexistro: 32603
Data envio: 21/03/2022 10:53:54.303

Nesa liña e do mesmo xeito que se puxeron en marcha mecanismos para que a industria acceda á enerxía dun xeito competitivo, ligado á instalación de enerxía eólica, debe poñer en marcha un plan de enerxías renovables para as explotacións agrarias que potencie o autoconsumo e a creación de comunidades enerxéticas e lles permitan compensar cos excedentes da produción enerxética solar unha parte do seu consumo eléctrico.

Nesta situación, xa vimos como os produtores piden que se faga unha reflexión sobre os factores que inciden na chamada inflación verde que nace da interminable lista de prohibicións e regulacións a produción agraria, repensando algunha das  reformas previstas na ultima revisión da PAC, mentres o escenario internacional non sexa máis estable. Factores como a obriga de deixar en barbeito terras de produción nun momento de necesidade de alimentación ou determinadas limitacións no sector gandeiro deben ter unha moratoria na aplicación para poder compensar as graves ameazas que ten o sector primario.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Que medidas vai tomar o Goberno galego ante a crise do sector agrario derivado da  seca, a guerra nunha zona produtora de cereais como Ucraína e a alza de prezos derivaba das crecentes esixencias “verdes” da Unión Europea?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García  na data 21/03/2022 10:37:29**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta  na data 21/03/2022 10:37:42**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:57:23
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 21/03/2022 10:57:23.969

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A invasión de Rusia sobre Ucraína, ademais de provocar unha catástrofe humanitaria con milleiros de civís falecidos e millóns de persoas desprazadas, ocasiona unha alteración nas economías da Unión Europea que ten o seu traslado inmediato no incremento dos prezos de combustibles e materias primas de sectores tan estratéxicos para Galicia como é a pesca e toda a súa cadea mar-industria.

Este novo escenario económico require do compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que está a padecer o sector pesqueiro e toda a cadea mar-industria ante o inasumible incremento do combustible e das materias primas. Xa vimos como este encarecemento levou a que parte da frota tomase a pasada semana a decisión de amarrar, e así o vimos , por exemplo, en Celeiro.

O incremento dos prezos do combustible, unidas ás ameazas da OMC e das institucións comunitarias que pretenden eliminar as exencións fiscais ao gasóleo pesqueiro fai preciso, que as distintas administracións con competencia na materia, adopten medidas que sirvan para compensar e paliar esta situación asfixiante.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Ten previsto o Goberno galego activar un plan de axudas específicas para o sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar-industria, de cara a paliar e minorar o impacto do incremento dos prezos do gasóleo e das materias primas?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:57:23
Nº Rexistro: 32609
Data envio: 21/03/2022 10:57:23.969

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/03/2022 10:44:17**

**Julio Torrado Quintela na data 21/03/2022 10:44:28**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 10:57:45
Nº Rexistro: 32610
Data envío: 21/03/2022 10:57:45.891

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A invasión de Rusia sobre Ucraína, ademais de ter provocado unha catástrofe humanitaria con milleiros de civís falecidos e millóns de persoas desprazadas, vén de provocar unha alteración nas economías da Unión Europea que ten o seu traslado inmediato no incremento dos prezos de combustibles e materias primas, afectando tamén dun xeito moi forte ás empresas de transporte por estrada de viaxeiros e de mercadorías.

Este novo escenario económico require do compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que está a padecer o sector do transporte por estrada de viaxeiros e de mercadorías na nosa comunidade autónoma.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que plan de medidas vai levar adiante a Xunta de Galicia para absorber os efectos negativos da suba dos prezos dos combustibles nas empresas de transporte por estrada de viaxeiros e mercadorías?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/03/2022 10:45:06**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/03/2022 10:45:20**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 11:32:34
Nº Rexistro: 32620
Data envio: 21/03/2022 11:32:34.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do mar en Galiza padeceu, durante o estado de alarma, unha situación ben complicada. A facturación no caso do marisqueo a pé caeu ata un 77% e, no entanto, esa caída non foi considerada suficiente polas administracións competentes como para suspender a súa actividade e evitar así cando menos unha parte dos problemas económicos do sector debido á pandemia.

Tampouco se considerou un sector susceptíbel de rebaixa ou conxelación das súas cotas á Seguridade Social e, malia a todos os obstáculos, o peixe e o marisco seguiu chegando ás lonxas e os mercados non sufriron en ningún momento desabastecemento.

O goberno galego, diante das axudas, dende logo insuficientes, convocadas polo goberno do Estado, non tardou un pedir que “se simplificara o acceso a esas axudas” e lamentou que “non houbera máis apoio ao sector”.

No entanto, a pesar das esixencias a outras administracións, a galega, a Consellaría do Mar, convocou as súas propias axudas ao sector marisqueiro coas mesmas ou máis eivas aínda que as que tanto criticara.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Orde da Consellería do Mar do 4 de agosto do 2020 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2020 das axudas pola paralización da actividade de marisqueo a pé como consecuencia do gromo de Covid-19 foi publicada no DOG do 13 de agosto do 2020.

Estaba dotada cun importe de 5.214.413,48 euros que podía ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias e a resolución das solicitudes debía emitirse e publicarse no DOG no prazo máximo de 4 meses dende a publicación da convocatoria, é decir, no mes de decembro do 2020.

O obxectivo principal das axudas era compensar a caída que a comercialización polo peche da hostalaría e restauración durante o estado de alarma tivo no sector, mais os requisitos da propia convocatoria facían supoñer que o acceso ás mesmas non ía ser doado.

De feito, foran xa daquela persoas do propio sector as que fixeron chegar a este Grupo parlamentar a súa disconformidade cos requisitos esixidos e a súa intención de desistir de solicitalas.

E, en previsión de que parte do total destinado a estas axudas puidese quedar sen executar, a Comisión 8ª aprobou unanimemente, o 17 de setembro de 2020, a iniciativa deste Grupo relativa a destinar a totalidade do importe máximo establecido na Orde a axudas para apoiar a sustentabilidade do sector do marisqueo a pé durante o ano 2020.

Meses despois, na Comisión de Pesca do 17 de xuño de 2021 puidemos comprobar como se cumpriran os peores pronósticos. A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica confirmou, a preguntas deste Grupo Parlamentar, que, dos 5.214.413,48 euros, unicamente se concederan axudas por un total de 142.000 euros e que das 1.224 solicitudes, 1.034 incumprían os requisitos.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 11:32:34
Nº Rexistro: 32620
Data envio: 21/03/2022 11:32:34.275

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, máis de 5 millóns de euros que se publicitaran por terra, mar e ar pero que, na práctica, resultaron inútiles para o fin ao que ían destinados, situación que a Orde do 25 de outubro de 2021, publicada no DOG do 27, tentou, en parte, corrixir. Unha nova convocatoria, neste caso para cubrir a paralización temporal da actividade do marisqueo a pé dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2020, cun importe máximo de 2 millóns de euros.

Nesta nova Orde, vólvense requirir exactamente os mesmos requisitos que na do 4 de agosto de 2020, agás no referido aos días medios de actividade extractiva por zona no mesmo período (do 1 de xullo ao 31 de decembro) nos anos 2017, 2018 e 2019, o que nos leva a pensar que os 2 millóns de euros vanse executar, na práctica, nunha cantidade moi inferior. E aínda restarían, segundo o acordo parlamentar do 17 de setembro de 2020, por reinvestir no sector preto de 3 millóns de euros.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que as axudas convocadas, tanto no 2020 como no 2021, pola paralización da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo do Covid-19, foron útiles para compensar as perdas do sector?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 11:32:34
Nº Rexistro: 32620
Data envío: 21/03/2022 11:32:34.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 21/03/2022 11:30:14**

**María do Carme González Iglesias na data 21/03/2022 11:30:18**

**Daniel Castro García na data 21/03/2022 11:30:26**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 12:12:46
Nº Rexistro: 32628
Data envío: 21/03/2022 12:12:46.602

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de xuño de 2021 tivo lugar unha manifestación diante do Pazo de Meirás promovida pola Iniciativa Galega pola Memoria e Defende Meirás, na que os colectivos memorialistas galegos reivindicaron a apertura ao público e o desenvolvemento dunha programación centrada na represión e na loita antifranquista e na defensa dos valores democráticos; a defensa polas administracións da propiedade dos bens mobles do Pazo que están en litixio; e a declaración como BIC dos bens que forman parte do sitio histórico e que son imprescindíbeis para contar a súa historia.

Poucos días despois, o 26 de xuño, desenvolveuse no Pazo un acto público coa participación das diferentes administracións (Goberno Central, Xunta, Deputación, Concello de Sada e da Coruña ) e asinouse o Protocolo xeral de coordinación temporal de actuacións para a xestión do conxunto. Este documento establece o reparto de funcións na xestión do recinto e prevé a creación dunha comisión de seguimento e dun comité de asesoramento científico e técnico.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 12:12:46
Nº Rexistro: 32628
Data envio: 21/03/2022 12:12:46.602

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos 9 meses desde a sinatura do citado Protocolo, a maior parte das reivindicacións do movemento memorialista galego seguen pendentes:

- A propiedade dos bens mobles está pendente dunha decisión xudicial, sucesivamente adiada. O acto de vista das cuestións incidentais formuladas polo concello de Sada e Estado está previsto para o día 30 de xuño. No proceso de reclamación dos bens, tanto o goberno central como a Xunta tiveron unha actuación moi cuestionábel, mentres que o concello de Sada fixo unha defensa coherente da titularidade pública dos bens que forman parte da historia do Pazo, cando menos até 1975.

- Aínda non se produciu a apertura ao público da maior parte do edificio das Torres de Meirás e non existe unha programación que poña en valor o sitio histórico.

- Aínda non se iniciou o proceso para a declaración BIC dos bens mobles que forman parte da historia do Pazo, contravindo o acordo parlamentar do 5 de maio de 2021, que establecía o seguinte no punto 4.

*"Defender a incoación de maneira urxente do procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens mobles que pola súa vinculación co inmoble forman parte inseparable del, e aplicación provisional a estes bens mobles do réxime de protección previsto para os bens de interese cultural".*

Paradoxalmente, a Xunta aprobou a declaración BIC da biblioteca de Pardo Bazán, na que se integran unha grande cantidade de fondos bibliográficos situados en Meirás. Unha decisión cuestionábel ao separar a protección dos libros da protección de mobiliario e outros elementos da biblioteca da escritora, sen os cales non se pode entender o significado do citado BIC.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón a Xunta declarou BIC algúns bens mobles do Pazo de Meirás, como é o caso dos libros da biblioteca de Pardo Bazán, e se nega a protexer outros bens relacionados coa biblioteca da autora e coa historia do lugar, modificando o Decreto BIC do 2008?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Mercedes Queixas Zas**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2022 12:09:27**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/03/2022 12:09:31**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/03/2022 12:09:43**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 16:49:43
Nº Rexistro: 32644
Data envío: 21/03/2022 16:49:43.783

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de resolver as carencias de persoal e materiais do centro de saúde de Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Pazos de Borbén ten adscritas unhas 1.600 cartillas de adultos e 150 de pediatría. Este número debera ser en realidade máis elevado, xa que o concello conta cunha poboación de case 3.000 habitantes, mais moitos dos veciño e veciñas deste concello víronse obrigadas a mudar o seu médico de familia a outros centros da área polas deficiencias do centro de saúde de Pazos. O feito de que haxa veciños que opten por inscribirse a quilómetros de distancia da súa residencia e cunha pésima comunicación en transporte público, en concellos como Redondela ou Ponteareas, evidencia o pésimo nivel da calidade da atención en Pazos.

Esta degradación do servizo público de saúde vén condicionado pola decisión da Xunta de Galiza de recortar en persoal sanitario e incluso en medios materiais para que os profesionais poidan desenvolver adecuadamente o seu traballo.

En cuanto á falta de persoal destaca o recorte do servizo de pediatría que efectuou a Xunta coa escusa da COVID. Antes da pandemia o servizo de pediatría era moi escaso, mais cando menos atendíase dous días á semana, 2 horas de mañá. Aproveitando a COVID o servizo suspendeuse e deixouse a 150 cativos sen atención en

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pazos, obrigando aos pais e nais a desprazarse a Redondela para ser atendidos. Dous anos despois non se ten recuperado o servizo, nin tampouco a Consellería deu ningunha mostra de vontade de recuperar o servizo.

Outra carencia habitual de persoal é a que se produce cada vez que o facultativo ou a enfermeira están de vacacións ou de baixa. Nesta situación non se cobren as baixas e obrígase, novamente, aos doentes a desprazarse até o centro de saúde de Redondela.

Estas carencias concretas en persoal, superpóñense a unha situación xeral de falta de medios humanos e materiais. O centro de saúde de Pazos precisa de máis persoal médico de forma xeneralizada. Na actualidade soamente existe un facultativo no centro que se ve obrigado a atender as consultas diarias, urxencias e desprazamentos a domicilios unha carga de traballo insoportable para un único facultativo. Isto fai que a ratio de paciente por médico de familia sexa moito máis elevado do que se recomenda para unha correcta atención. A isto hai que sumarlle o avellentamento da poboación de Pazos de Borbén e, por tanto, unha maior demanda do servizo sanitario. Iso fai con que o facultativo estea desbordado, chegando a recibir máis de 50 pacientes o día. A situación empeora cando se producen asistencias a domicilio, xa que son imposibles de cubrir cun único facultativo, quedando o centro de saúde sen médico nas súas saídas. O mesmo pasa no caso da enfermaría. Isto provoca unha elevada rotación do persoal, xa que debido as condicións laborais desisten do seu posto por outro destino con menor presión asistencial.

Por tanto, estamos ante un centro de saúde en que doentes e persoal médico prefiren escoller outro centro de saúde polas malas condicións que promove a Xunta de Galiza. A calidade asistencial de Pazos está moi por debaixo da que se presenta noutros centros da área, xa de por si cada vez máis deteriorados.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2022 16:49:43
Nº Rexistro: 32644
Data envío: 21/03/2022 16:49:43.783

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último existe tamén carencias en cuanto aos medios necesarios. A reforma feita no ano 2019 non resolveu a necesidade de ampliar as instalacións e dotar o centro de máis consultas. Tampouco se subministrou o centro do material médico necesario e incluso do material informático que precisan os facultativos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG considera urxente que o centro de saúde de Pazos de Borbén reciba os recursos de persoal e materiais necesarios para garantir que os veciños reciban un servizo sanitario de calidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza resolver as carencias de persoal e materiais do centro de saúde de Pazos de Borbén?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández  na data 21/03/2022 16:42:28**

**María Montserrat Prado Cores  na data 21/03/2022 16:42:35**

**María do Carme González Iglesias na data 21/03/2022 16:42:44**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 21/03/2022 16:42:57**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á anulación da contratación da construción do CAPD de Ourense e ao novo procedemento de adxudicación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 18 de marzo a Xunta de Galiza respondía en sede parlamentaria a unha pregunta do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego respecto da paralización de máis de seis meses das obras de construción en Ourense do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos. En dita resposta, despois de meses sen dar explicacións públicas nin informar ás familias ou á plataforma Procapd de Ourense, a Xunta de Galiza confirmaba oralmente que a administración galega puxera en marcha o expediente de resolución do contrato á UTE que fora adxudicataria no seu día (conformada por Construcións Alea e Proforma Execución de Obras e Restauracións) ante a imposibilidade de chegar a un acordo trala proposta das empresas de modificación do contrato para abaratar os custos e ante o fracaso das medidas incorporadas na lei de orzamentos do ano 2022 para favorecer unha saída a este tipo de situacións.

Así as cousas, é necesario recordar varias cuestións. En primeiro lugar, que o compromiso coa construción do centro data xa do ano 2016 e foi reiteradamente dilatado polo goberno galego. Foi grazas á mobilización social e das familias que se conseguiu avanzar na cuestión. En segundo lugar, o proxecto debía estar operativo xa en



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32658
Data envio: 21/03/2022 18:36:05.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marzo de 2022. En terceiro lugar, é inxustificable que a Xunta demorase tanto esta situación toda vez que confirmou que sabía do problema derivado da suba de prezos desde mediados de 2021 e pasou case un ano. En cuarto lugar, continúa a falta de claridade e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión publica do CAPD.

É necesario que a Xunta de Galiza aclare a data exacta de finalización do contrato e comprometa novos prazos para sacar a concurso o novo procedemento para garantir a construción do centro á maior brevidade posible.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son os novos prazos previstos na nova adxudicación e finalización da construción do CAPD de Ourense?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
**Olalla Rodil Fernández**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2022 18:32:51**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 21/03/2022 18:32:55**

**Daniel Pérez López na data 21/03/2022 18:33:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2022 18:33:19**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/03/2022 18:33:28**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 12:21:13
Nº Rexistro: 32668
Data envio: 22/03/2022 12:21:13.759

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O domingo día 20 de marzo derrubouse unha parte da estrada que une Quiroga con Folgoso do Caurel, a LU-651, que é a vía principal de entrada a este concello. Uns 100 m. de estrada cederon facilitando que o material montaña arriba caera sobre o oco deixado ó ceder, pero o asfalto afectouse con gretas nuns 100 m. máis, aproximadamente.

Interrompeuse de xeito absoluto a comunicación con Folgoso do Caurel e a zona norte da serra debido a que a estrada que se propón como alternativa, a de Vidallón, a Campa e Valdomir, non ten anchura apenas para o paso de un vehículo utilitario.

Este derrube provocou o illamento do Concello por vía telemática, dado que se interromperon as comunicacións por fibra óptica, e incrementa as dificultades para que as crianzas desta zona poidan acudir ao centro escolar, de feito deixa Sta Eufemia completamente illada da capitalidade do Concello.

Outra cuestión que se ve afectada é o acceso turístico á zona norte deste concello con afectación do camping de cara a primaveira e verán, pero tamén ás rutas de visitantes, casas de turismo rural, etc....



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 12:21:13
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 22/03/2022 12:21:13.759

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos sinalar que por baixo do punto quilométrico no que se produciu o derrube atópase unha mina de pizarra, con galerías ou corredores que pasan por baixo da estrada que condiciona a estabilidade do terreo, e que é coñecida por tódolos actores institucionais responsables da viabilidade e seguridade desta vía de comunicación.

Parece que por esta causa, e pola deixación de funcións das entidades responsables, coñecedoras da afectación do terreo provocada polas excavacións, que xa se recolle nun estudo xeolóxico-xeotécnico no inicio dos anos 2000, no que se daban datos suficientes que demostraban masas deslizadas e cicatrices de deslizamento na vertente septentrional, que é  a que nos ocupa, pero que non motivou ás institucións responsables a actuar para asegurar esta vía de comunicación, é dicir, a Xunta de Galiza non asumiu as súas responsabilidades...

Tampouco o goberno do Estado e a confederación hidrográfica chegou a facer o anunciado, xa que no 2006 publicaba no BOE o anuncio da confederación relativo á información pública do proxecto de restauración hidrolóxico forestal das áreas afectadas polas escombreiras de pizarra nas marxes dos ríos Redomás (ou  Luruda) ó seu paso pola paraxe da Campa, Tm de Folgoso do Caurel e dos terreos, bens e dereitos necesarios para a súa execución.

Unha vez máis o rural e a montaña lucense vese abandonada ata o perigo para as persoas e o propio territorio, dende logo só o azar puido evitar un drama humano na principal estrada do Caurel pola que pasan dende as criaturas para a escola ata os traballadores da propia canteira.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 12:21:13
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 22/03/2022 12:21:13.759

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar adiante a Xunta en canto a investigación das causas, depuración de responsabilidades e recuperación inmediata da estrada LU-651 no concello de Folgoso do Caurel?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Luis Bará Torres**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 22/03/2022 12:19:48**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2022 12:19:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2022 12:20:05**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 13:08:01
Nº Rexistro: 32680
Data envío: 22/03/2022 13:08:01.814

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a evolución no presunto "ecobarrio" do barrio da Ponte en Ourense e ás promesas incumpridas do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de marzo de 2018, hai xa máis de catro anos, tiña lugar unha pomposa presentación no concello de Ourense, en presenza de Arias Cañete, do presunto proxecto de "ecobarrio" para o barrio da Ponte. Dese proxecto, os cargos do Partido Popular na Xunta e no Concello, afirmaban que suporía un investimento de 20 millóns de euros, a creación de 300 postos de traballo e que sería unha realidade para o ano 2020.

A estas alturas non hai rastro dos millóns investidos, apenas proxectos menores licitados e non desenvolvidos, nin un só posto de traballo coñecido, nin Oficina en funcionamento coa desculpa da pandemia, nin información suficiente á veciñanza nin o máis mínimo avance en políticas públicas para o fomento da innovación e a eficiencia enerxética. Ourense non ten ecobarrio nin nada que se lle poida parecer.

As mentiras dos titulares de prensa acompañáronse nestes anos de "mentiras orzamentarias". Ano a ano a Lei de Orzamentos recolle cifras que non se aproximan nin de lonxe aos 20 millóns anunciados e que despois non se executan. Máis recentemente,



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 13:08:01
Nº Rexistro: 32680
Data envio: 22/03/2022 13:08:01.814

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as explicacións públicas da Xunta de Galiza xa remitían o ecobarrio ao destino dos fondos Next Generation, no marco do caixón de xastre de propostas que vén enumerando o goberno galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as previsións do goberno galego para o presunto ecobarrio que ía impulsar en Ourense xa no ano 2020?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Carme González Iglesias**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2022 13:04:43**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 22/03/2022 13:04:47**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/03/2022 13:04:54**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2022 13:05:03**

**Daniel Pérez López na data 22/03/2022 13:05:13**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32684
Data envio: 22/03/2022 14:23:43.430

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Durante o debate dunha PNC do noso grupo parlamentario na Comisión 8ª celebrada o día 22 de xaneiro de 2021, na que se instaba a Xunta de Galicia a que cubrise as vacantes de gardapeiraos dos portos de Burela e Celeiro, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular comunicaba: "A Directiva de Portos de Galicia está a ultimar a relación de postos de traballo, é dicir, a RPT, está sendo consultada, está sendo debatida cos representantes dos traballadores e nas próximas datas entrará en vigor, neste semestre deste ano a RPT será unha realidade, unha RPT pactada co sector e pactada cos traballadores".

Pasados 14 meses daquel anuncio feito en sede parlamentaria vemos que a relación de postos de traballo segue sen estar aprobada.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Por que a día de hoxe o Ente Público Portos de Galicia non ten aprobada a relación de postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2022 11:54:30**

**Julio Torrado Quintela na data 22/03/2022 11:54:43**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:11:10
Nº Rexistro: 32691
Data envío: 22/03/2022 17:11:10.897

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A invasión de Ucraína por parte de Rusia ten provocado, ademais do drama humanitario que é o esencial, e o grave dano aos dereitos civís e democráticos dos cidadáns ucraínos xunto ás ameazas persistentes e reiteradas contra a Unión Europea e entidades internacionais principais, unha problemática de subministro de produtos nos que Ucraína tiña un papel moi relevante.

Dentro do ámbito do sector mar-industria un problema esencial apúntase agora na industria conserveira. A paralización da frota pesqueira, que froito das subas indiscriminadas dos prezos dos combustibles está introducindo a posibilidade de paros sistemáticos e, por tanto, a non obtención de materia prima para algunhas das conservas, súmase á dificultade para obter un produto esencial como é o aceite de xirasol.

O aceite de xirasol emprégase en máis da metade das conservas que se comercializan no noso entorno, e aproximadamente dous terzos do aceite deste tipo que se importa no noso país tiña a súa orixe en Ucraína. Estes datos amosan o grave problema ao que se enfronta o sector conserveiro, estratéxico dende o punto de vista socioeconómico para Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas está valorando a Xunta de Galicia para axudar ao sector conserveiro afectado pola falta de materias primas para a elaboración do seu produto?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:11:10
Nº Rexistro: 32691
Data envio: 22/03/2022 17:11:10.897

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/03/2022 17:00:27**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2022 17:00:35**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:24:46
Nº Rexistro: 32696
Data envío: 22/03/2022 17:24:46.850

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel más constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumiuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:24:46
Nº Rexistro: 32696
Data envío: 22/03/2022 17:24:46.850

A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai adecuar o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 para o novo tempo que vén por diante froito da guerra de Ucraína e da situación económica xerada como consecuencia?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:15:48**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:15:54**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:02
Nº Rexistro: 32697
Data envío: 22/03/2022 17:25:02.350

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel más constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumiuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:02
Nº Rexistro: 32697
Data envío: 22/03/2022 17:25:02.350

As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:02
Nº Rexistro: 32697
Data envío: 22/03/2022 17:25:02.350

A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai acordar cos axentes sociais de Galicia as bases da política económica da Xunta de Galicia ante o novo escenario de crecemento dos prezos derivado da guerra en Ucraína?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:16:15**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:16:23**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:13
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 22/03/2022 17:25:13.897

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel más constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumiuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:13
Nº Rexistro: 32698
Data envío: 22/03/2022 17:25:13.897

As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:13
Nº Rexistro: 32698
Data envío: 22/03/2022 17:25:13.897

A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Van elaborar unha nova política industrial que faga fronte aos retos da industria galega no novo contexto internacional de crise da oferta ante o risco de escaseza de certos insumos, encarecemento de custes e caída e recomposición da demanda?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:16:44**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:16:52**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:26
Nº Rexistro: 32699
Data envío: 22/03/2022 17:25:26.865

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel más constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumiuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:26
Nº Rexistro: 32699
Data envío: 22/03/2022 17:25:26.865

As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:26
Nº Rexistro: 32699
Data envio: 22/03/2022 17:25:26.865

A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que plans económicos de acción sectorial está desenvolvendo a Xunta de Galicia para respaldar e salvar empresas, pemes e persoas autónomas ante o novo escenario económico derivado da guerra en Ucraína?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:17:12**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:17:20**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:39
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 22/03/2022 17:25:39.193

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel más constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumiuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:39
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 22/03/2022 17:25:39.193

As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:39
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 22/03/2022 17:25:39.193

A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Van redefinir as liñas de acción do Igape no novo escenario macro e microeconómico para acertar nas políticas de ofertas e fortalecer a evolución e resiliencia do sistema produtivo galego nun escenario inflacionista?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:18:39**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:18:46**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:56
Nº Rexistro: 32701
Data envío: 22/03/2022 17:25:56.255

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel máis constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumiuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:56
Nº Rexistro: 32701
Data envío: 22/03/2022 17:25:56.255

As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:25:56
Nº Rexistro: 32701
Data envio: 22/03/2022 17:25:56.255

A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai redefinir a política tributaria da Xunta nun contexto de alta inflación para protexer o poder adquisitivo da cidadanía, especialmente da que se atopa nunha situación máis vulnerable, e reforzar o carácter progresivo e equitativo dos impostos, e abordar un tratamento fiscal axeitado para empresas, pemes e persoas autónomas especialmente afectados polo novo escenario?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:19:12**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:19:20**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:31:16
Nº Rexistro: 32708
Data envío: 22/03/2022 17:31:16.812

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O prezo de carburantes como a gasolina ou o gasóleo ten acadado en datas recentes máximos que implican un enorme custe tanto para o conxunto da cidadanía como especificamente para os e as autónomos/as e as pemes e para todo o sistema produtivo do país.

Existen análises e series de datos que evidencian que ao longo de 2021 rexistrouse un incremento do prezo dos carburantes superior ao 20 %, e esta tendencia alcista viuse aumentada nas últimas semanas a raíz da nova situación económica e enerxética derivada da guerra en Ucraína por mor da invasión rusa.

Ao igual que noutros países da contorna, a estrutura impositiva en España implica que os prezos que se pagan polos carburantes veñen determinados en boa medida polo imposto especial de hidrocarburos, cunha cota fixa de 47 céntimos por litro de gasolina e de 38 no caso do diésel, e tamén polo IVE, situado no 21 %. De feito, de acordo cos datos da Asociación Española de Operadores de Productos Petrolíferos, o 45% do que se paga por litro de diésel en España son impostos e esta porcentaxe ascendería ata o 49 % no caso da gasolina. É evidente que a política tributaria sobre combustibles determina os prezos á vez que neste escenario de escalada do prezo dos combustibles, tense detectado nos últimos anos un aumento da marxe bruta das empresas que comercializan carburantes no noso país. Cómpre tamén abordar como actuar nas distintas vías que afectan á importación, comercialización e distribución dos combustibles, na medida en que se poida conseguir unha redución de prezos.

Por iso, ante a situación preocupante derivada dun escenario de crecemento da inflación, na que son os factores da oferta -como o custe da enerxía e dos propios carburantes- os que desempeñan un factor determinante, resulta necesario que a política económica busque de forma prioritaria a redución dos prezos dos combustibles no noso país nestes momentos.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Esta redución faise necesaria non só para favorecer a mobilidade da cidadanía, senón que constitúe un elemento central na competitividade dos actores económicos e das empresas e autónomos, así como á hora de afianzar a fase de recuperación.

Ademais, asumindo que o incremento do prezo dos combustibles está producindo un incremento substancial da recadación impositiva derivada da venta de carburantes, cómpre abordar unha rebaixa fiscal para os combustibles que chegue ao conxunto da cidadanía e que afecte tanto ao imposto especial sobre hidrocarburos como ao imposto sobre o valor engadido.

No caso do primeiro destes gravames, as competencias do goberno de España son suficientes para minoralo; mentres que no caso do segundo cómpre facer todos os esforzos para acadar a redución do mesmo actuando coas institucións comunitarias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Respaldan a redución do imposto especial sobre hidrocarburos mentres exista o actual incremento desmesurado de prezos dos combustibles?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:22:31**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:22:40**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:34:26
Nº Rexistro: 32711
Data envío: 22/03/2022 17:34:26.808

## Á Mesa do Parlamento

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A invasión de Ucraína por parte de Rusia está xerando un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta non só á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas, senón que tamén ten amplas repercusións no eido económico. Vén por diante un tempo marcado por unha crise de oferta, no que se incrementan os custes de produción e no que empezamos a asistir a un desabastecemento de certas materias primas e insumos que leva aparellado tamén unha crise enerxética.

Ante a invasión por Rusia de Ucraína estanse tomando sancións económicas contra o país invasor por parte de diversos países e da propia UE. No mundo global no que vivimos, as sancións que a Unión Europea está impoñendo a Rusia por mor da agresión militar contra Ucraína, e que están sendo endurecidas dende finais do pasado mes de febreiro, son un camiño complexo pero que nesta ocasión está tendo efectos sobre Rusia.

Precisamente, en aplicación desas sancións impostas polas institucións europeas, xa son varias as actuacións que se teñen tomado no noso país, en comunidades autónomas como Baleares e Cataluña, inmobilizando propiedades de oligarcas rusos e de membros das elites próximas ao presidente Vladímir Putin. Segundo os datos de Registradores de España, un total de 862 persoas e 53 entidades son obxecto xa de medidas de inmobilización de bens e prohibición de viaxar.

Con estas medidas, a mensaxe que pretende lanzar o Consello Europeo é que quen ampare, colabore ou favoreza o ataque e a invasión de Ucraína pagará un prezo por esas accións. O obxectivo, por tanto, é realizar toda a presión para que Rusia retire as forzas militares de Ucraína e que respecte a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína dentro das súas fronteiras.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 17:34:26
Nº Rexistro: 32711
Data envio: 22/03/2022 17:34:26.808

Neste contexto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten constancia o goberno da Xunta de Galicia de cantas son as persoas físicas ou xurídicas con bens, propiedades ou sociedades en Galicia que son obxecto das medidas restritivas impostas pola Unión Europea en relación coa agresión militar de Rusia contra Ucraína?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2022 17:33:19**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2022 17:33:26**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 18:03:52
Nº Rexistro: 32715
Data envío: 22/03/2022 18:03:52.305

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Recentemente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia facía público o Auto de data 16 de marzo de 2022 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense polo que se anulaba a Resolución de decembro de 2020 da Sociedade Pública Estación de Inverno de Manzaneda S.A. (Meisa) polo que se adxudicaba o contrato para a xestión da estación de Montaña de Manzaneda feito no seu día a empresa Artabria Turismo SL.

A resolución xudicial subliña que Meisa acudiu a un procedemento de adxudicación directa sen publicidade para elixir a adxudicataria sen solicitar as tres ofertas preceptivas que marca a Lei de contratos e sen que existan razóns de ningún tipo que xustifique a imposibilidade de cumprir tal requisito.

Isto, segundo apunta o Auto xudicial, "denota que non existía unha imposibilidade material de solicitar cando menos tres ofertas por inexistencia de operadores no mercado". En consecuencia, considerase que se infrinxiron "os principios de concorrencia e no discriminación".

En consecuencia, non existe ningún acordo ou acto en virtude do cal a sociedade teña resolto acudir a un procedemento negociado sen publicidade, senón que existe solo o informe da Xerencia e, directamente, a invitación a un único operador económico e posterior formalización do contrato.

Polo tanto, tal como xa advertimos dende o grupo parlamentario, a adxudicación do contrato se fixo sen competencia, en canto que o contrato e o propio procedemento negociado sen publicidade non foi autorizado polo órgano de contratación.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A tenor do exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

De acordo coa resolución xudicial que anula a adxudicación do contrato de xestión de feita por Meisa a empresa Artabria Turismo S.L., considera a Xunta de Galicia asumir algún tipo de responsabilidade política?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/03/2022 18:00:29**

**Paloma Castro Rey na data 22/03/2022 18:00:40**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/03/2022 18:00:48**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 18:18:01
Nº Rexistro: 32720
Data envío: 22/03/2022 18:18:01.617

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O centro educativo IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa é un centro de recoñecida calidade e con moito arraigo na súa contorna, pola súa ubicación, oferta educativa e capacidade innovadora e pedagóxica do seu cadro de persoal. Ata o de agora a súa labor docente distribuíase na educación secunda e na formación profesional.

A Consellería de Educación, tras varias ambigüidades en sucesivas xuntanzas e tomas de decisións, ven de establecer que, de maneira definitiva e sen consenso co claustro docente e colectivos de ANPAs do centro, centralizará os ciclos de formación profesional da contorna no propio Bouza Brey, desprazando por tanto aos alumnos de secundaria a outro centro educativo (neste caso o Armando Cotarelo Valledor, de Vilaxoan).

Este cambio, ademais de contribuír á imaxe de escuridade no proceso de decisións sobre as concentracións educativas, provoca problemas loxísticos particulares no territorio. Neste caso, o traslado dun elevado número de alumnos a outro centro (case 300) suporá un problema de desprazamento. De maneira particular este caso implicará que os alumnos e alumnas que teñan que trasladarse pasarán a ter que desprazarse a case 2 quilómetros, atravesando unha carreteira de elevadísimo tránsito e que supón un perigo constante para o caso de que a atravesen diariamente tanto volume de alumnos e alumnas destas idades.

Dentro das limitadas informacións que facilitou a Consellería de Educación aos pais e nais afectadas pola decisión estivo un compromiso, verbal, sobre o feito de que o transporte para o alumnado que o necesite será garantido. Non en tanto, as respostas escritas da Consellería xa amosaron fraquezas sobre esta cuestión, apuntando que terán a disposición ese transporte os alumnos e alumnas que teñan dereito. Esta cuestión non é menor, pois a distancia que separa ambos centros é de case dous quilómetros, que é a distancia mínima de referencia para garantir o dereito ao transporte gratuíto. Semella imprescindible establecer criterios claros e cumprir os compromisos adquiridos polo máximo responsable da Consellería.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2022 18:18:01
Nº Rexistro: 32720
Data envío: 22/03/2022 18:18:01.617

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o goberno da Xunta de Galicia a cumprir o compromiso expresado polo Conselleiro de Educación, garantindo o transporte escolar gratuíto de maneira permanente para o alumnado forzado a cambiar de centro educativo dende o IES Fermín Bouza Brey ao IES Armando Cotarelo Valledor en Vilagarcía de Arousa?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/03/2022 18:15:34**

**Noelia Otero Lago na data 22/03/2022 18:15:41**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2022 18:15:46**

**Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2022 18:15:55**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta informaba o pasado 24 de febreiro de que dende o ano 2009 destinara 1.766.170 euros en diferentes liñas de axuda para custodiar, protexer e mellorar o patrimonio documental galego nos 379 arquivos do Sistema de arquivos de Galicia, que inclúe tanto os municipais como os das universidades ou de entidades sen ánimo de lucro. Estas contas resultan nun investimento medio anual total de 135.859 euros; ou dito doutro xeito, 4.660 euros por arquivo en 13 anos.

Segundo o informado, as axudas distribuíronse nun 60 % aos arquivos da Administración local, un 30 % aos arquivos sen fin de lucro e preto do 10 % aos universitarios e foron destinadas “á mellora das instalacións e á dotación de ferramentas de xestión documental integrais que permitiron dixitalizar a súa xestión e gañar seguridade na conservación dos datos asociados aos fondos, ademais de restaurar e recuperar fondos de gran valor que estaban danados e en moi mal estado de conservación”.

Na nota de prensa emitida tras o Consello afirmábase: “Todo este apoio se enmarca no traballo da Xunta por fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia ao abeiro da Lei do patrimonio cultural de Galicia e da Lei de arquivos e documentos. Ademais das accións de protección, conservación e difusión que exerce a Xunta sobre o patrimonio da súa titularidade ou baixo a súa custodia, estanse a levar a cabo accións de fomento que benefician os fondos patrimoniais de carácter documental de arquivos e entidades alleos á Xunta, tanto públicos como privados, que forman parte do Sistema de arquivos de Galicia”.

Ao Grupo Socialista sorpréndelle esta afirmación, que pretende manifestar unha preocupación do Goberno galego nesta materia, tendo en conta o estado de precariedade no que se atopan os arquivos públicos de Galicia tanto en materia de persoal como de espazos e recursos, consecuencia da ausencia dunha política arquivística a medio e longo prazo.

Proba diso é a inexistencia do plan de arquivos ao que obriga a disposición transitoria segunda da Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia, que leva xa sete anos de atraso e do que nada se di neste informe recente. Tamén é proba desa despreocupación o voto en contra á iniciativa presentada polo Grupo Socialista en materia de arquivos nas que ademais dese plan se reclamaba a introdución da perspectiva de xénero, a convocatoria urxente de prazas de arquivistas, a creación dos arquivos centrais das

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32724
Data envio: 22/03/2022 18:58:16.868

consellarías ou a inclusión nas Contas de 2022 dunha partida orzamentaria suficiente para solucionar o problema de espazos físicos.
Fronte a estas peticións o único que nos atopamos foi unha negativa e a conseguinte inacción, ademais dun pírrico orzamento anual para os arquivos de arredor de 135.000 euros. É por iso que consideramos necesario coñecer cales foron os investimentos concretos en cada un dos arquivos ao longo de todo ese período e como reverteron no funcionamento do propio arquivo.

Por todo o exposto as deputadas que asinan preguntan:

Considera suficiente o Goberno galego para a salvagarda da memoria documental de Galicia un investimento de 1.766.170 euros ao longo de 13 anos para os 379 arquivos do Sistema de arquivos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2022 18:08:44**

**Noelia Otero Lago na data 22/03/2022 18:08:58**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32731
Data envío: 22/03/2022 19:01:24.614

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Acabamos de aprobar por unanimidade no Parlamento de Galicia o ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia.

Unha Comisión que se constituíu no ano 2013 e que empezou as súas comparecencias no ano 2014.

Un ditame que recolle 117 propostas que agardamos que sexan tidas en conta polas administracións públicas con competencia na materia: estatal, autonómica e locais.

Ante un tema crucial e tan importante como é a seguridade viaria, o certo é que na nosa Comunidade Autónoma levamos máis de 14 meses sen plan de seguridade viaria. O anterior Plan de Seguridade Viaria de Galicia do ano 2016 caducou a finais de 2020, e dende aquela carecemos dunha norma nova.

A finais de marzo de 2021 a Xunta de Galicia sacaba a licitación o Plan de seguridade viaria de Galicia 2021-2025, un documento que, trasladaban dende o Executivo galego, se marca como obxectivo "cero vítimas", pero que a día de hoxe segue sen estar aprobado, de feito, debido a inacción da Xunta de Galicia xa se tivo que cambiar o ámbito temporal do plan sendo agora anunciado como Plan de seguridade viaria 2022-2025.

Cando anunciaron a licitación deste plan dicíase por parte da Xunta de Galicia que este daría continuidade ao Plan de seguridade viaria 2016-2020, que se enmarcaría dentro das estratexias actuais de carácter nacional e internacional neste ámbito e na aplicación dos principios de "visión cero" para a redución de vítimas e falecidos por accidentes nas estradas galegas.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 32731
Data envio: 22/03/2022 19:01:24.614

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cando vai o Goberno galego aprobar o Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2022 18:12:07**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/03/2022 18:12:21**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 09:57:25
Nº Rexistro: 32742
Data envio: 23/03/2022 09:57:25.601

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a seguridade viaria das persoas peregrinas no quilómetro 36 da N-547 ao seu paso polo Concello de Palas de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Palas de Rei atópase no percorrido do Camiño Francés a Compostela, a principal ruta de peregrinaxe en número de persoas, a de maior afluencia.

Nun dos puntos do camiño, concretamente no quilómetro 36 da N-547 as persoas que peregrinan teñen que cruzar a estrada que comunica as cidades de Lugo e Santiago.

Malia que a abertura dos tramos da nova autovía (56) supuxo unha redución do número de vehículos que circulan por este vial, aínda continúa a ser unha infraestrutura importante para a poboación da comarca e de fóra dela.

Esta situación na que se produce unha importante inseguridade especialmente para as persoas que peregrinan, non é exclusiva deste concello, nin deste punto quilométrico, nin sequera deste tramo do Camiño.

De facto, desde o Grupo parlamentario do BNG xa impulsamos acordos na Cámara encamiñados a mellorar a seguridade viaria no Camiño de Santiago procurando



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 09:57:25
Nº Rexistro: 32742
Data envio: 23/03/2022 09:57:25.601

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a colaboración e cooperación entre institucións tendo en conta que as competencias son diversas.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir a seguridade das persoas peregrinas no quilómetro 36 da N-547 ao seu paso polo Concello de Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2022 09:55:47**

**Paulo Ríos Santomé na data 23/03/2022 09:55:53**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres  na data 23/03/2022 09:56:03**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 10:18:52
Nº Rexistro: 32748
Data envio: 23/03/2022 10:18:52.623

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das expresións máis visíbeis e vitais da cultura galega son as bandas de música populares.

Un acontecemento cultural dunha dimensión única, con especial presenza no rural e nas vilas e cun maioritario protagonismo da xente moza. Son, ademais, entes de convivencia interxeracional que realizan un traballo cultural e social de incalculábel valor, achegando a través da música valores de igualdade, esforzo, compromiso e traballo en equipo.

En Galiza teñen unha presenza xenerosa, espallada e recoñecida en todo o territorio e a súa existencia débese á implicación do asociacionismo cultural de base que contribúe para consolidar un fenómeno musical de alta participación e calidade.

Máis de 7.000 músicos, nomeadamente xente nova, tocan nestas bandas de música populares que á súa vez están agrupadas na Federación Galega de Bandas de Música Populares, que actualmente se achega ás 100 agrupacións rexistradas.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 10:18:52
Nº Rexistro: 32748
Data envío: 23/03/2022 10:18:52.623

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actividade desta Federación ten dado boa proba desta forza colectiva musical na organización de eventos como o Certame Galego de Bandas, que ten posto en escena edicións anuais con máis de 1.000 músicos no escenario.

Mais este éxito vén precedido do coidado á formación, sendo estas bandas auténticas escolas de música que fornecen os compoñentes das bandas de cada lugar.

Estas formacións, democratizadoras de cultura, son tamén o berce de innumerábeis músicos profesionais que nutren as máis prestixiosas orquestras sinfónicas e agrupacións profesionais do mundo, feito relevante e de prestixio para a nosa cultura.

Desde a máis lonxeva como a Banda de Música A Lira de Ribadavia (con máis de 180 anos de historia) até as máis recentes, todas elas achegan á cultura galega un gran patrimonio inmaterial de expresión artística e un importante labor social e educativo que no BNG entendemos que debe ser preservado, protexido, ademais de reforzado desde o goberno galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que estratexia de apoio e reforzo está a desenvolver o goberno da Xunta en relación ao tecido musical que representan as bandas de música populares como unha das expresións culturais galegas máis vivas?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/03/2022 10:16:11**

**Daniel Castro García na data 23/03/2022 10:16:14**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/03/2022 10:16:25**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 12:22:07
Nº Rexistro: 32786
Data envio: 23/03/2022 12:22:07.825

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito do acceso á enerxía nun contexto de medre disparado da inflación e incremento das dificultades dos fogares galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza vive nestes momentos unha situación límite polas consecuencias que ten na sociedade e na economía a suba disparada de prezos. A inflación máis alta nos últimos 30 anos supón un aumento drástico do empobrecemento da sociedade, facendo que as persoas que xa estaban nunha situación de risco de pobreza e exclusión estean peor e que milleiros de persoas que tiñan unha situación socieconómica mellor vexan empeoradas as súas condicións materiais de vida.

Neste contexto, o medre disparado que sofren concretamente os prezos enerxéticos repercute nun aumento da mal chamada pobreza enerxética. No lugar de ser un dereito, a enerxía é un ben de especulación nun modelo enerxético corrompido no que mandan máis o lobby enerxético do que os gobernos e que é unha estafa en si mesmo porque pagamos a luz co prezo da tecnoloxía máis cara, xerando millóns de beneficios chovidos do ceo para as grandes empresas que os gobernos non queren intervir para non pechar as súas portas xiratorias.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se isto fose pouco, no último ano sumamos as consecuencias da especulación cos dereitos de emisión de CO2 e da situación do gas. Así as cousas, guerra en Ucraína agrava o un problema que, en todo caso, prevé repetirse toda vez que o gas é un ben escaso e do que a Unión Europea é dependente.

Aínda que Galiza é un país rico en produción de enerxía eléctrica, este papel produtor non supón un vector de desenvolvemento económico e social por mor das decisións políticas que o acompañan. Isto dificulta a resposta política nun contexto no que se o 2021 foi o ano máis caro da serie histórica, cun prezo medio de 111,93 euros, no que vai de ano 2022 duplica no seu prezo medio este récord, superando os 228 e camiño de facer un novo tope histórico.

O acceso á enerxía, singularmente para o mantemento do fogar a unha temperatura adecuada, é un elemento de vital importancia para a vida das persoas e afecta á súa saúde, benestar e dignidade. O IGE sinala nos seus datos máis recentes, respecto do ano 2020, que 44.442 fogares galegos atópanse con carencia material severa. Esta incidencia calcúlase, entre outros parámetros, tendo en conta aqueles que non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, en 2021 as súas axudas complementarias do bono social estatal chegaron a 5.278 familias, que non sería nin o 12% dos fogares en carencia material severa, o que amosa as limitacións deste mecanismo e do propio bono social estatal.

O anuncio o pasado 17 de marzo do goberno galego de ampliar as contías previstas para o bono social térmico dos 13,1 millóns de euros transferidos en decembro de 2021 por parte do Estado a 19,7 millóns suplementando con fondos propios 6,6 é



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesario pero insuficiente. Ademais, malia a presunta "axilización" no momento de asinar esta iniciativa segue sen sacarse a convocatoria no Diario Oficial de Galiza.

Ante o agravamento da situación polo empobrecemento crecente da sociedade galega e o contexto económico agravado polo medre disparado da inflación, é necesario que a Xunta de Galiza esprema o marco do autogoberno aumentando as axudas aos cortes e as axudas ao bono social térmico. É necesario que a Xunta de Galiza consigne orzamentos adecuados e que procure as actuacións necesarias para aumentar o público albo destas axudas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai comprometer o goberno galego un incremento de fondos propios para combater as dificultades de acceso á enerxía complementando os bonos sociais e térmicos para que cubran como mínimo á poboación con carencia material severa?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 12:22:07
Nº Rexistro: 32786
Data envio: 23/03/2022 12:22:07.825

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2022 12:18:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2022 12:18:50**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 23/03/2022 12:19:01**

**Daniel Pérez López na data 23/03/2022 12:19:10**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:01:08
Nº Rexistro: 32791
Data envío: 23/03/2022 13:01:08.374

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral**, **Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as presuntas irregularidades no proceso de adxudicación das pantallas do Plan Abalar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, a prensa galega facíase eco da presuntas irregularidades no proceso de adxudicación das pantallas do plan Abalar. Neste proceso a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) adxudicou á empresa Plexus un contrato por valor de 15 millóns de euros.

Mais este proceso rematou, tal e como se indica nas novas destes días, no xulgado de instrución número 2 de Santiago de Compostela, debido a que Synetech, empresa que asegura que foi seleccionada como marca aliada coa adxudicataria Plexus, denunciou a esta última por irregularidades no proceso de adxudicación e emprego de información confidencial

Sempre segundo as informacións feitas públicas por Synetech, a Consellaría ten no seu haber unha comunicación da marca, que denuncia á intención de Plexus de aliarse con outra empresa (relacionada cun empresario condenado por fraude fiscal) para que os centro galegos conten finalmente con dispositivos de peor calidade.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que consecuencias terá para o sistema educativo galego a denuncia de Synetech sobre as presuntas irregularidades no proceso de adxudicación das pantallas do Plan Abalar?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 23/03/2022 12:49:42**

**Daniel Castro García  na data 23/03/2022 12:50:21**

**Mercedes Queixas Zas  na data 23/03/2022 12:50:30**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:04:43
Nº Rexistro: 32799
Data envio: 23/03/2022 13:04:43.526

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os procedementos ante os casos de abuso sexual no ámbito educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitos os estudos e publicacións que nos últimos anos abordaron a necesidade de contribuír dende o ámbito educativo a protexer, detectar, e actuar ante casos de abusos sexuais.

Nestes días vén de se facer pública unha tese de doutoramento que baixo título Abuso sexual Infantil: detección e afrontamento por parte do profesorado de Educación Secundaria na Galiza, aborda a necesidade de loitar contra esta dramática realidade dende o ámbito educativo.

Esta tese presentada pola pedagoga Rosa María Rúa e dirixida pola profesora Carme Verde, da facultade de Educación e Traballo Social de Ourense, demostra que tan só o 37,3% do profesorado galego afirma coñecer como actuar ante un caso de abuso sexual a un menor de idade.

É evidente que este traballo amosa unha febleza no eido educativo que ten consecuencias nefastas para os menores abusados. O feito de que máis de 6 de cada 10



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:04:43
Nº Rexistro: 32799
Data envio: 23/03/2022 13:04:43.526

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

docentes non saiban como actuar ante un caso deste tipo evidencia unha realidade que debe obrigar ao goberno galego a adoptar medidas.

E moito máis, cando este estudo reflicte que case 9 de cada 10 participantes, entenden que o profesorado debe ter un papel relevante para contribuír a detectar o abuso sexual infantil. Do mesmo xeito, o 87,4% das persoas preguntadas no estudo manifestan que os centros educativos deben ter un papel destacado na protección do menor de idade fronte ao abuso sexual.

Dende o BNG entendemos que esta realidade require unha implicación activa por parte do goberno galego, e por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Ten o goberno galego pensado adoptar algún tipo de medida para resolver os problemas de detección dos casos de abuso sexual no ensino galego que se poñen de manifesto nos últimos estudos publicados?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:04:43
Nº Rexistro: 32799
Data envio: 23/03/2022 13:04:43.526

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 23/03/2022 13:02:01**

**Olalla Rodil Fernández  na data 23/03/2022 13:02:05**

**Noa Presas Bergantiños  na data 23/03/2022 13:02:13**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:22:44
Nº Rexistro: 32800
Data envío: 23/03/2022 13:22:44.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática. Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O pasado mes de outubro familias do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao en Navia, Vigo, mantiveron unha xuntanza con Inspección de Educación a Consellería de Educación argumentan o cumprimento do catálogo, unha normativa obsoleta que non reflicte nin estuda as realidades actuais dos centros, e por suposto que non ten en conta o aumento do alumnado con necesidades de apoio educativo. Unha problemática que tal e como veñen advertindo dende a comunidade educativa en moitos casos se acrecentou por mor da pandemia.  No caso deste centro, se ten trasladado unha preocupante porcentaxe de alumnado NEAE ata chegar a un 30 % do total.  Segundo trasladan neste curso, contan con 95  nenas e nenos e un cociente de 7 alumnas e alumnos por aula. Todo iso, sen ter en conta o alumnado invisible, que se detecta co tempo como é o caso do alumnado de nova incorporación de 3 anos de infantil, ou alumnado de nova incorporación ao centro.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:22:44
Nº Rexistro: 32800
Data envio: 23/03/2022 13:22:44.708

De feito, a Federación Olívica de Anpas (Foanpas), que aglutina a máis de 80 asociacións de nais e pais de centros educativos de Vigo e a súa área, protagonizou un calendario de mobilizacións no último trimestre do 2021 para denunciar os recortes da Consellería de Educación nos colexios, facendo especial fincapé nos problemas de atención a alumnos con necesidades especiais e específicas.

No caso deste centro no barrio de Navia, o departamento de orientación está composto por unha orientadora, unha pedagoga terapeuta e unha especialista en audición e linguaxe que a todas luces non abonda.

Segundo a información que se traslada, os contactos para tratar de arranxar este problema comezaron en marzo de 2021. Desde entón e ata o final do curso académico 2020-2021 se volveu a contactar desde o centro con inspección ata en 7 ocasións, unha por teléfono, outra por rexistro e 5 a través de comunicacións por correo electrónico. Xa durante este curso 2021-2022 intensificáronse as solicitudes ao complicarse a situación en porcentaxe de alumnado NEAE, polo que ademais dos contactos desde o equipo directivo sumouse o Consello Escolar e a ANPA ás reclamacións. Tras solicitar por diferentes vías o aumento na dotación de coidadores e profesorado para atención a alumnos e alumnas con necesidades especiais en ata 17 ocasións durante os últimos 9 meses e obtendo respostas negativas, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten feito a Consellería para tratar de dar resposta aos numerosos contactos e peticións deste centro para atender a este alumnado?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:22:44
Nº Rexistro: 32800
Data envío: 23/03/2022 13:22:44.708

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 23/03/2022 13:19:59**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 23/03/2022 13:20:06**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 23/03/2022 13:20:13**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:40:30
Nº Rexistro: 32811
Data envio: 23/03/2022 13:40:30.846

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os resultados do programa de subvencións para a adquisición de vivenda libre en centros históricos para menores de 35 anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa de subvencións para a adquisición de vivenda libre en centros históricos para mozos e mozas de menos de 35 anos, contaba cun orzamento inicial de 102.700 € para a convocatoria do ano 2020. Os resultados publicados mediante a RESOLUCIÓN do 2 de xuño de 2021 pola que se dá publicidade á relación das persoas ou entidades beneficiarias de varios programas de axudas concedidas ao abeiro das convocatorias realizadas no ano 2020, sinala que o montante total das axudas outorgadas son apenas 62.200€.

Por tanto, confirma que este programa de axudas, que xa tiña un escaso orzamento inicial, sáldase cunha execución final de apenas o 60%. O número total de persoas beneficiarias son apenas 7, o que reflexa un grave problema na convocatoria destas axudas para acadar os seus propios obxectivos.

Para alén da posición crítica deste grupo respecto do criterio que sigue a Xunta no reparto de fondos de vivenda, no que se prioriza a subvención da compra de vivenda por riba de criterios de accesibilidade, resulta inaceptable o baixo grao de execución

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:40:30
Nº Rexistro: 32811
Data envío: 23/03/2022 13:40:30.846

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistemática dos créditos orzamentarios que a propia Xunta planifica para os programas de vivenda.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre os resultados do programa de subvencións para a adquisición de vivenda libre en centros históricos para menores de 35 anos?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2022 13:39:03**

**Paulo Ríos Santomé na data 23/03/2022 13:39:07**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:40:30
Nº Rexistro: 32811
Data envio: 23/03/2022 13:40:30.846

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 23/03/2022 13:39:12**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 28 de abril de 2011 publicábase no DOG o Decreto 72/2011, do 31 de marzo, que regula o Comité Galego de Pesca, que entraría en vigor en 20 días. Normativa que rexe o seu funcionamento e a súa composición, contemplando unha ampliación do número de vogais para garantir a representación de todos os sectores vinculados á pesca.

Cando se publicaba aquel decreto a Conselleira do Mar, daquela Consellería do Mundo Rural e do Mar, consideraba necesaria esta modificación para dar un impulso a este organismo e promover a súa participación real e efectiva na xestión dos recursos mariños, conseguindo así unha maior operatividade, dada a escasa actividade que tivo ata o de agora.

O Comité Científico Galego da Pesca é o órgano especializado de consulta e asesoramento de carácter científico e técnico. Tal e como recolle o Decreto ten como funcións asesorar científica e tecnicamente á Administración da comunidade autónoma de Galicia naqueles asuntos relacionados coa xestión de recursos naturais vivos das augas de competencia da nosa comunidade, así como coa súa transformación e comercialización.

Ademais das novidades na composición do dito comité científico, tamén se introducía a posibilidade de que a conselleira do Mar puider establecer un prazo para a emisión dos ditames.

Pero a pesar de que a creación do Comité Científico Galego de Pesca xa se contemplaba na Lei de Pesca, e a pesar de que o Decreto de 2011 que regulaba o seu funcionamento e composición pretendía darlle unha maior operatividade, e a pesar de que que os ditames deste organismo serían fundamentais para facer fronte a moitos dos problemas aos que lle ten que facer fronte o sector da pesca: cambio climático, cotas, combustibles, eficiencia enerxética … o certo é que non se chegou realmente a constituír. De feito, no propio portal de transparencia da Xunta de Galicia aparece este comité pero non ten actividade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Por que o Goberno galego non ten constituído e posto en funcionamento o Comité Científico Galego de Pesca como órgano especializado de consulta e asesoramento de carácter científico e técnico á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:29:52
Nº Rexistro: 32805
Data envio: 23/03/2022 13:29:52.216

asuntos relacionados coa xestión de recursos naturais vivos nas augas da competencia da nosa comunidade, así como coa súa transformación e comercialización?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/03/2022 12:03:31**

**Julio Torrado Quintela na data 23/03/2022 12:03:44**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:43:06
Nº Rexistro: 32818
Data envio: 23/03/2022 13:43:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo modelo carreira docente anunciado pola Consellaría de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de marzo de 2022, o conselleiro de educación participou nun acto xunto cos reitores das Universidades de Santiago e Vigo, a vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña e os decanos das facultades de Educación.

Neste acto, o conselleiro anunciou que estaba traballando nun anteproxecto para un novo modelo de carreira docente que, tal e como se indica na nota de prensa da consellaría, "deberá ser analizado, mellorado e complementado por parte de todos os axentes implicados co obxectivo de cerrar un documento final que Galiza trasladará ao ministerio na próxima Conferencia Sectorial de Educación.

Nas propias declaracións da Consellaría de Educación sinalan que o proxecto no que traballan ten como eixo central afondar nun modelo de carreira profesional docente único e homoxéneo para o conxunto do Estado.

Así mesmo, a Consellaría anunciou ámbitos concretos de traballo como a reformulación da Práctica Inicial Docente, un novo máster dual de acceso a función pública docente con carácter estatal ou a reformulación de acceso a carreira docente.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:43:06
Nº Rexistro: 32818
Data envío: 23/03/2022 13:43:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que este anuncio implica modificacións de calado no sistema educativo galego, polo que formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego crear unha mesa de negociación na que participen, ademais das universidades, os sindicatos, as organizacións estudantís, as ANPAS e calquera outro axente da comunidade educativa implicado ou afectado polo novo modelo de carreira docente?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/03/2022 13:40:19**

**Daniel Castro García na data 23/03/2022 13:40:22**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 13:43:06
Nº Rexistro: 32818
Data envio: 23/03/2022 13:43:06.419

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Mercedes Queixas Zas  na data 23/03/2022 13:40:32**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32826
Data envío: 23/03/2022 15:53:14.765

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Martín Seco García,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O novo mapa de xeodestinos, aprobado o pasado 15 de marzo polo Consello Galego de Turismo, está formado por vinte e seis xeodestinos fronte aos catorce que existían, e entre os novos está o de Mar de Santiago, correspondente ao produto turístico creado polos concellos de Vilanova, Catoira, Valga e Pontecesures. Este cambio implica que Vilanova queda afastado do Xeodestino do Salnés.

Vilanova segue participando dos servizos da Mancomunidade do Salnés, pero en materia turística, decidiu ir en solitario e, xunto cos concellos ribeirenses do Ulla, creou unha nova marca para engadir á oferta xacobea en Arousa: Mar de Santiago.

O Consello Galego de Turismo —no que están representados a Xunta de Galicia, os concellos e o sector privado— vén de consagrar esta división aprobando dous xeodestinos, o Xeodestino do Salnés e o Xeodestino Mar de Santiago. Este feito xerou unha gran indignación na Mancomunidade do Salnés. De feito, o acordo do Consello Galego de Turismo foi adoptado por unha escasa maioría, nove votos a favor, oito en contra —entre os que estaban os representantes do sector privado— e unha abstención. O sector privado votou en contra porque é consciente que lle vai repercutir negativamente na súa economía.

Ademais,  territorialmente, esta nova división deixa A Illa e Vilagarcía illadas, no medio do Xeodestino Mar de Santiago entre Catoira e Vilanova, quedando sen conexión directa co resto da comarca.

Desde  o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta decisión vulnera a propia normativa de Turismo de Galicia, que establece que os concellos dos xeodestinos teñen que estar vinculados territorialmente como recolle a Lei 7/2011 de Turismo de Galicia, do 27 de outubro, no seu artigo 23, que define o concepto de xeodestinos turísticos como: "'as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais." O artigo sinala que será “a consellería competente en materia de turismo" a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e “as entidades supramunicipais interesadas". Dende a Mancomunidade do Salnés apelan ao Consello Galego de Turismo para que o rectifique, posto que o acordo do 15 de marzo vai en contra deste artigo.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32826
Data envío: 23/03/2022 15:53:14.765

A Mancomunidade do Salnés xa presentou en febreiro alegacións contra a nova configuración do mapa turístico, pero de pouco serviron. A Axencia de Turismo de Galicia desestimounos, xustificándoo deste xeito: "A creación do novo xeodestino Mar de Santiago xustifícase, entre outras razóns, pola valoración da Ruta Xacobea Marítimo Fluvial polo Mar de Arousa e o río Ulla".

A Mancomunidade non dá por bo este argumento dado que a entidade conta con produtos turísticos propios vinculados ao fenómeno xacobeo (Variante espiritual, Ruta Padre Sarmiento ou Navega o Camiño), nos que tamén participa Vilanova. De feito, este é o porto de referencia para a saída dos catamaráns que realizan a Traslatio ata Pontecesures. Se persiste esta decisión, terase que reconsiderar o descorrer dos produtos turísticos que pasan pola Mancomunidade do Salnés.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista creemos que a Xunta de Galicia o que ten que facer é volver incluír a Vilanova no Xeodestino do Salnés, como xa estaba ata a aprobación polo Consello Galego de Turismo do novo mapa de xeodestinos o pasado 15 de marzo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Consello Galego de Turismo rectificar de maneira urxente o seu acordo do 15 de marzo e volver a incluír ó Concello de Vilanova no Xeodestino do Salnés?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Martín Seco García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 23/03/2022 13:31:54**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Julio Torrado Quintela na data 23/03/2022 13:32:00**

**Martín Seco García na data 23/03/2022 13:32:10**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 16:47:36
Nº Rexistro: 32833
Data envío: 23/03/2022 16:47:36.171

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O pasado luns 14 de marzo o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, sinalaba que "un político es un ciudadano que cobra de los impuestos de los españoles y, por tanto, cuando dice que inaugura un hospital la pregunta que hay que hacerle es: “¿Lo deja usted a deber o está pagado? Porque, si lo deja usted a deber, haga el favor de marcharse rápidamente y empezar a pagarlo”.

O goberno da Xunta de Galicia construíu o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo a través dunha fórmula de financiamento público-privado (PFI) pola cal o Sergas queda obrigado a abonar anualmente uns 73 millóns de euros durante 20 anos, así como a ceder ás empresas concesionarias toda a parte non sanitaria do hospital e a súa explotación.

Todo isto, como consecuencia da decisión de Feijóo á súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia de paralizar o proxecto do executivo galego liderado por Emilio Pérez Touriño, de construción e financiamento do hospital a través da Sociedade Pública de Inversións. O cambio de modelo non só supuxo sobrecustes millonarios para as arcas da Xunta, senón tamén a redución do proxecto arquitectónico nun 40 %, pasando de 1.265 a 845 camas hospitalarias, así como a diminución das camas de UCI e os quirófanos.

Ademais, toda esa operación conduciu a situacións significativas, como que hai dous anos o 40 % do hospital pasou a mans dunha sociedade de investimento francesa.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 16:47:36
Nº Rexistro: 32833
Data envio: 23/03/2022 16:47:36.171

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Recoñece o Goberno galego que o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo non está plenamente pagado polo erario público?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 23/03/2022 13:06:16**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 23/03/2022 13:06:24**

**Noelia Otero Lago na data 23/03/2022 13:06:36**

**Julio Torrado Quintela na data 23/03/2022 13:06:51**

**Marina Ortega Otero na data 23/03/2022 13:06:59**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 17:03:31
Nº Rexistro: 32840
Data envio: 23/03/2022 17:03:31.270

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral**, **Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impacto da crise económica no estudantado galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022. A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o "imposto dos pobres" porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custo tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén,

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

É evidente que o sistema educativo galego non é a alleo a esta realidade. Cada vez máis, as dificultades económicas que están a atravesar as familias do noso país

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 17:03:31
Nº Rexistro: 32840
Data envío: 23/03/2022 17:03:31.270

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teñen un impacto directo sobre as alumnas e alumnos. Un impacto que se traduce, como xa sinalamos, nun incremento dos problemas de índole mental e emocional, máis tamén en dificultades e problemas académicos que, poden implicar, sobre todo no caso das familias traballadoras deste país, unha diminución do rendemento académico que poida levar en última instancia ao abandono escolar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza habilitar mecanismos extraordinarios de bolsas para estudantado con dificultades para continuar os seus estudos polo empeoramento económico de cara a evitar o abandono por este motivo e revisar á alza as contías consignadas para o curso 2021/2022?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/03/2022 16:31:45**

**Daniel Castro García na data 23/03/2022 16:31:48**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/03/2022 16:31:55**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 17:46:28
Nº Rexistro: 32852
Data envio: 23/03/2022 17:46:28.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dotación dun centro de ensino secundario na contorna do barrio de Novo Mesoiro na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o comezo da construción do barrio de Novo Mesoiro na Coruña o grupo parlamentario do BNG ten trasladado ao goberno da Xunta en sede parlamentar as sucesivas demandas que, de xeito pormenorizado e argumentado, a veciñanza deste barrio formula, sempre razoadas e fundamentadas so a premisa de ser un barrio recente edificado, no seu día, sen ningunha dotación, infraestrutura e servizo para as súas e os seus habitantes.

A resposta desta administración sempre foi ir parcheando, a medida que esas dotacións e servizos eran indispensábeis e urxentes, cubrindo os mínimos cando non escatimando calquera investimento en detrimento dunha atención de calidade á poboación alí residente. Velaí o exemplo do seu Centro de Saúde e os servizos sanitarios, debatido nesta cámara en diferentes ocasións, ou a construción dilatada e interminábel do seu CEIP.

Precisamente da educación e do ensino trata a presente iniciativa. E doutra volta achegada pola veciñanza deste barrio coruñés, formulada desde a información e o fundamento incontestábel da realidade na que vive.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 17:46:28
Nº Rexistro: 32852
Data envío: 23/03/2022 17:46:28.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos do último e máis recente padrón continuo publicado a finais de xaneiro deste ano a respecto da estatística a 1 de xaneiro de 2021 advirten que a poboación de entre 15 e 19 anos no barrio era de 224 persoas. E para a franxa de idade de entre 10 e 14 anos de 731 nenas e nenos. En total, a 1 de xaneiro de 2021 había censadas 955 persoas de entre 10 e 19 anos.

E a seguir, a franxa estatística inmediatamente inferior, a que se sitúa entre os 5 e 9 anos advirte un censo de 829 crianzas. É evidente que esta zona concreta da cidade da Coruña, en continuo medre demográfico como área urbana nova, precisará non vindeiros anos a dotación correspondente en materia de ensino secundario.

Por outra banda, e como se pode consultar na hemeroteca deste Parlamento polas múltiples iniciativas xa trasladadas polo BNG, o núcleo de Novo Mesoiro, así como os núcleos poboacionais da súa contorna, Feáns, Mesoiro, as Rañas e Urbanizacion Breogán, teñen características senlleiras a respecto doutros núcleos do municipio da Coruña.

Neste sentido, traemos aquí o relativo illamento que vén derivado da carencia das infraestruturas que puideran absorber os fluxos de trafico coas zonas contiguas (estrada DP-0512) e un deficiente e moi mellorábel servizo público de transporte e mobilidade.

Ambos aspectos son fundamentais para facilitar o acceso a outras zonas próximas (a tres quilómetros o máis próximo) onde existen servizos de ensino secundario. Evidentemente a opción de que se poida ir andando a estes centros de ensino é inviábel porque tramos da propia estrada DP-0512 carece de beirarrúa e fican illados.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 17:46:28
Nº Rexistro: 32852
Data envio: 23/03/2022 17:46:28.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comprométese o goberno galego a dotar nos orzamentos de 2023 as epígrafes e partidas necesarias para a proposta de estudo e dotación, na contorna do barrio de Novo Mesoiro da Coruña, dun centro de ensino secundario que dea cobertura á demanda prevista en educación?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Daniel Castro García**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/03/2022 17:39:00**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/03/2022 17:39:04**

**Daniel Castro García na data 23/03/2022 17:39:14**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 17:59:35
Nº Rexistro: 32857
Data envío: 23/03/2022 17:59:35.072

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo leva sendo obxecto de debate no eido da saúde mental dende hai moito tempo, e de maneira moi destacada a partires do informe realizado polo Defensor do Pobo destacando problemas relativos aos procedementos e á baixa dotación de recursos cos que conta.

Os profesionais de saúde mental de Galicia precisan, para poder desenvolver de maneira completa e con amplas posibilidades a súa labor, que a política nesta materia dote de fondos e oportunidades de desenvolvemento suficientes. Non está sendo así a tenor dos datos que son coñecidos, como a situación de Galicia entre as peores comunidades autónomas de España en ratio de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatra, psicólogos/as de especialidade clínica ou enfermeiras especialistas en saúde mental.

No caso específico do centro de Conxo no ano 2017 produciuse a visita dos técnicos do Defensor do Pobo, que advertiron de numerosos e deficientes problemas. A Consellería de Sanidade comprometeuse a resolver, pero en 2018 unha iniciativa parlamentaria do Grupo Socialista no Parlamento instaba a resolver nun prazo curto de tempo os problemas, cuestión que asumiu o Goberno autonómico. En 2021, tras unha segunda visita do mesmo organismo ao centro de Conxo foi posto en evidencia que a intervención e mellora que anunciou a Consellería non foi real, e o Parlamento de Galicia volveu a debater sobre o asunto a instancias dunha iniciativa novamente presentada polo Grupo Socialista. Nesta ocasión a iniciativa foi aprobada por unanimidade do Pleno, e incluía o compromiso de realizar unha nova avaliación, independente, que foi comprometida e aceptada polo Goberno autonómico. En 2022, unha terceira visita ao centro psiquiátrico amosou que  non existiran as melloras nin os avances comprometidos, e foi coñecido que a avaliación independente anunciada foi, en realidade, un breve informe de persoal propio da Consellería no que se apuntaban en conclusións contrarias ás dos técnicos do Defensor do Pobo.

A permanente desidia coa que a Consellería responde ante esta situación, a pesares dos casos graves que veñen sendo apuntados polos técnicos avaliadores do centro e que foron feitos públicos nalgúns medios de comunicación, amosa un

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

intento de agochar un posible debate xa non sobre o modelo de centros psiquiátricos que se utiliza en Galicia, senón sobre o estado e funcionamento do gran centro hospitalario psiquiátrico existente.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica o goberno da Xunta de Galicia o constante incumprimento dos acordos parlamentarios sobre a necesidade de afrontar melloras e avances no centro hospitalario psiquiátrico de Conxo?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/03/2022 17:55:58**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2022 17:56:05**

**Marina Ortega Otero na data 23/03/2022 17:56:15**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 18:28:27
Nº Rexistro: 32864
Data envio: 23/03/2022 18:28:27.053

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para atender as demandas da sociedade civil galega a prol dun novo modelo eólico que foron trasladadas ao Parlamento Galego e á Valedora do Pobo o pasado 23 de marzo de 2022.

Exposición de motivos

O pasado 23 de marzo de 2022 centos de persoas, convocadas pola Coordinadora Eólica Así Non, da que fai parte ADEGA, concentráronse diante das portas do Parlamento Galego e da Valedora do Pobo para denunciar o recorte de dereitos democráticos da cidadanía galega durante a actual vaga eólica. As e os participantes trasladaron e rexistraron escritos co seguinte texto dirixido ao Presidente da Xunta:

“A cidadanía galega está sendo silenciada e condenada ao ostracismo máis absoluto. Vemos como se nos furtan dereitos fundamentais como o de participar democraticamente en asuntos de fondo calado socio-económico e ambiental decisivos para o noso futuro como sociedade. A chamada transición ecolóxica, inevitábel e necesaria, converteuse na escusa perfecta do Capital para seguir destruíndo o territorio, no canto de constituír unha oportunidade de avance cara a un mundo máis xusto, ecolóxico e resiliente fronte o cambio climático.

A actual invasión eólica, dirixida polas elites empresariais enerxéticas que desprezan o noso país, é proba dos abusos aos que nos vemos sometidas. Constitúe o cerne dos recentes recortes democráticos e de sometemento das políticas públicas aos intereses das grandes corporacións multinacionais. E o goberno da que Vostede preside,

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non só consinte as practicas antidemocráticas do Capital sobre o noso pobo, senón que tamén as promove. A Xunta aproveitou o efecto desmobilizador da pandemia para apurar a tramitación de centos de proxectos industriais especialmente controvertidos e impactantes co noso territorio. Ao tempo, as persoas afectadas e as organizacións sociais non podiamos reunirnos, nin celebrar asembleas, nin acudir ás institucións, nin consultar expedientes nas dependencias das administracións, nin movernos libremente polo territorio. Daquela, xa denunciabamos o trato privilexiado que a administración galega estaba dando ás grandes empresas fronte as persoas.

O goberno galego do PP fixo oficial a súa cruzada contra a participación social coa aprobación da coñecida "Lei de Depredación" de 2017. Esta norma, xunto co uso espurio das leis de acompañamento, foi o reforzo dunha carreira de fondo da Xunta de Galiza cara a privatización dos recursos públicos e o illamento da sociedade de toda planificación pública. A lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais foi tramitada de urxencia no parlamento, sen exposición pública, sen alegacións, sen os ditames de organismos consultivos e de control da legalidade. Esta lei converteuse nunha patente de corso sobre o territorio para as empresas mineiras e pasteiro-enerxéticas. Eliminou garantías ambientais, recortou prazos de consulta e participación pública, socavou competencias municipais, favoreceu a expropiación de terras e outorgou de novo privilexios a certa caste empresarial para facer e desfacer á súa vontade en "aras" dunha suposta "utilidade pública"... Un eufemismo que agocha as verdadeiras intencións espoliadoras do Capitalismo máis salvaxe.

En 2021, Vostede, facendo uso de novo da súa maioría absoluta no Parlamento de Galiza, volveu saltarse todos os controis democráticos do procedemento lexislativo para aprobar unha segunda "lei de depredación": a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica… Outro golpe de estado administrativo destinado a favorecer a espoliación do país, que desta vez tenta xustificarse na suposta necesidade de recuperar do tecido empresarial galego tras a pandemia. Mais, as "leis de



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

depredación" só benefician ás corporacións multinacionais que apenas xeran emprego local e que procuran o seu beneficio á costa da destrución social e da depredación ambiental. En definitiva, empresas que responden ao modelo industrial que propugna Vostede para Galiza: o modelo "colonial". O mesmo ao que quere destinar os Fondos Next Generation con proxectos "tractores" ou "estratéxicos" sobre os que a cidadanía galega non vai ter nin voz nin voto.

A Xunta está a excluír os galegos e galegas do deseño do futuro do país, mesmo vetando a nosa participación nos organismos consultivos. Impediu que as entidades ecoloxistas puidesen participar no Observatorio da Eólica Mariña, un órgano creado teoricamente para pulsar a opinión pública sobre o desenvolvemento deste tipo de enerxía. E, recentemente, a conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, abandonou a última sesión do Consello Galego de Medio Ambiente ao ser interpelada polas organizacións ecoloxistas e sindicais para someter a votación a moratoria eólica, impedindo na práctica tal votación. Un comportamento impropio dunha representante pública que pon en dúbida a boa saúde dun goberno democrático e que evidencia un desprezo absoluto polos instrumentos de participación pública e social.

Porén, pese ao que promulga a Xunta, a participación democrática da sociedade non só debe limitarse aos períodos de exposición pública ou aos procesos electorais. As galegas e galegos temos dereito a participar na elaboración das leis e dos instrumentos de planificación, no deseño de programas e proxectos e na vixilancia e promoción dun correcto funcionamento democrático das institucións públicas. Algo que a Xunta intenta evitar poñendo sucesivos atrancos administrativos que atentan cada vez con máis claridade contra o Convenio de Aarhus, as directivas e leis de acceso e participación pública e as normas de transparencia e bo goberno.

Todas e cada unha das entidades e colectivos que subscribimos este manifesto temos e tivermos dificultades para acceder en tempo e forma a información pública relativa a proxectos eólicos en tramitación. Ben pola vía do silencio administrativo, ben



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola vía da dilación do trámite, ou da denegación por motivos inxustificables, a Xunta incumpre a súa obriga de dar acceso á información, obrigándonos sistematicamente a acudir á Valedora do Pobo, e con poucas garantías de reparación.

Ademais de preparar normativas ad hoc para as grandes empresas, recortar garantías ambientais, poñer atrancos ao acceso á información, impedir a participación social e non respectar os órganos de consulta, a Xunta tamén está a facer ouvidos xordos ás manifestacións multitudinarias do ano pasado que reclamaron a paralización inmediata desta vaga de macroproxectos eólicos e a elaboración dun novo Plan Eólico, participado, democrático, compatible co medio ambiente galego e xusto coas persoas.

Milleiros de galegos e galegas mobilizámonos o pasado 5 de xuño en Santiago de Compostela e o 11 de decembro en máis de 22 localidades cabeceiras de comarca para reclamar a moratoria eólica, pero non fomos escoitadas. Mais, non imos calar! Non nos cansamos de lembrar que o Plan Eólico de Galiza está obsoleto, non está adaptado á normativa actual e tampouco foi sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica, polo que non conta con ningunha garantía ambiental nin co aval social do pobo galego. Tampouco respecta a opinión doutras institucións como o Consello da Cultura Galega que nun recente informe urxía unha moratoria na autorización dos parques para poder revisar o Plan Sectorial eólico de Galiza e sometelo a avaliación ambiental estratéxica.

Reclamamos unha moratoria para todos os proxectos, unha de verdade e non a falsa moratoria que Vostede propón. Esa que está baleira de contido, que non terá efecto sobre ningún dos 275 proxectos eólicos que agora se atopan en tramitación, e que só se aplicará á discreción da Xunta. Así pois, todo proxecto industrial declarado de "interese especial" poderá eludir a moratoria e, incluso, instalarse fóra das áreas de desenvolvemento eólico recollidas no Plan Sectorial. Tal é a desvergoña da Xunta que, mesmo, se atreve a saltarse as súas propias normas e planeamentos sen o máis mínimo pudor institucional diante do Parlamento e da sociedade que di representar.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2022 18:28:27
Nº Rexistro: 32864
Data envio: 23/03/2022 18:28:27.053

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero, non imos calar! Non só ás organizacións sociais, ecoloxistas, sindicais, culturais, veciñais ou de afectadas, reunidas na Coordinadora Eólica Así Non, denunciamos o déficit democrático que o pobo galego está a sufrir coa actual vaga eólica. A Xustiza tamén nos dá a razón! Unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de anular a autorización dun parque eólico por considerar contraria a dereito a redución á metade dos prazos de consulta pública do estudo de impacto ambiental. Por esta razón e por someter o proxecto a exposición pública sen os informes sectoriais, o tribunal acusa á Xunta de vulnerar dúas directivas europeas e a lei estatal en materia de avaliación ambiental. Outro recente fallo do Tribunal Superior acusa a Xunta de delegar en axentes externos a elaboración de informes técnicos que corresponden á función do persoal funcionario. A privatización da función pública é unha manobra clásica do PP que agora pretende xeneralizar a través da lei de simplificación administrativa, mesmo deixando en mans das empresas promotoras a avaliación, autorización e seguimento dos seus propios proxectos. Fronte a esta involución democrática e o espolio ambiental de Galiza non podemos calar e ESIXO:

-A declaración dunha moratoria real na tramitación de parques eólicos, tanto para os novos como para os que actualmente se atopan en tramitación.

-O inicio da Avaliación Ambiental Estratéxica dun novo Plano Sectorial Eólico que permita avaliar os seus efectos ambientais e sociais coa participación real e directa da cidadanía.

-A derrogación da Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais e da Lei de simplificación administrativa por supoñeren unha restrición dos dereitos democráticos da cidadanía.

-A tramitación urxente dunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000 como ten demandado a Comisión Europea para excluír do aproveitamento enerxético os hábitats máis sensibles e protexer os servizos ecosistémicos que prestan á sociedade.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A inclusión de representantes da cidadanía e colectivos sociais no Observatorio da Eólica Mariña.

-A convocatoria urxente dos demais organismos consultivos para abordar a problemática eólica e as consecuencias da mudanza climática e a transición enerxética.

-O cumprimento exhaustivo da normativa europea, estatal e galega en materia de acceso, participación pública, transparencia e bo goberno."

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego das denuncias dos colectivos sociais do país polas trabas democráticas na tramitación de proxectos eólicos dependentes da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2022 18:26:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2022 18:26:04**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 11:34:49
Nº Rexistro: 32873
Data envío: 24/03/2022 11:34:49.128

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o asasinato de Jessica Méndez en Barro e outros casos de violencia machista non contemplados na lexislación española.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En días recentes os medios de comunicación informaron da morte dunha veciña do Concello de Barro, Jéssica Méndez, logo de que un vehículo colisionara contra o seu cando agardaba nun STOP.

Co tempo, a información foi ampliándose e un home da contorna da vítima foi detido como presunto autor do asasinato ao considerar a xustiza que non se tratou dun accidente senón dunha colisión intencionada. O home levaba moito tempo acosando a Jéssica, segundo transcendeu a través dos medios de comunicación e de denuncias previas da familia.

O caso continúa nestes momentos en proceso de investigación no entanto, pola información coñecida podería tratarse dun caso de violencia machista pois a única motivación sería a negativa da muller a manter unha relación con el.

De acordo coa lexislación vixente, nomeadamente de acordo coa lexislación española en materia de violencia machista, non sería considerado como un caso de violencia de xénero. Neste senso, malia o acordo recollido no Pacto de Estado contra a



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 11:34:49
Nº Rexistro: 32873
Data envío: 24/03/2022 11:34:49.128

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Violencia sobre a Muller que insta a modificar a lexislación para que casos coma este reciban a consideración e o tratamento de violencia machista, a lei continúa sen modificar. Pola súa banda, a Valedora do Pobo xa anunciou que actuaría de oficio para que fose considerado como violencia de xénero.

Pola nosa banda, en Galiza contamos cunha lexislación moito máis avanzada que a española e perfectamente inserida no Convenio de Istambul polo que o asasinato de Jéssica Méndez si sería considerado ao abeiro do noso marco xurídico como un asasinato machista pois a norma é clara ao respecto:

Artigo 3.-Formas de violencia de xénero.

Para os efectos desta lei, consideránse formas de violencia de xénero, fundamentalmente, as seguintes:

a) Violencia física, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, **terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral**.

Iso esixe da Xunta de Galiza actuar con decisión no marco das súas competencias.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 11:34:49
Nº Rexistro: 32873
Data envio: 24/03/2022 11:34:49.128

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno: :

Púxose a Xunta de Galiza en contacto coa familia de Jéssica Méndez para lle ofrecer todos os mecanismos que dispón a lexislación galega nestes casos?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2022 11:31:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2022 11:31:31**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 12:13:52
Nº Rexistro: 32887
Data envío: 24/03/2022 12:13:52.473

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán** e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No DOG do 18 de marzo de 2022 publícase as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, da tarxeta Bono turístico QuedamosenGalicia22.

Este ano 2022 é a terceira edición do Bono turístico QuedamosenGalicia22 que persegue estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servizos e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa.

Esta edición pretende paliar a estacionalidade turística, promovendo o uso da tarxeta fóra dos meses de verán, estará dirixida a todas as persoas maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia.

Este ano, unha vez máis, quedaron fóra centos de persoas polas incidencias co sistema de xestións na sede dixital.

Despois dos problemas que se rexistraron na pasada edición do 2021 co funcionamento da plataforma virtual para rexistrar as solicitudes do bono turístico, supoñíase que o proceso este ano debía ser algo máis fluído e sen problemas. Pois ben, non foi así, moitos e moitas solicitantes viron como o seu número de quenda cambiou sen motivo aparente, despois de varias horas agardando a que chegase o seu momento.

A maiores, a primeira hora da mañá do día 21 de marzo, inhabilitouse a web, por "traballos de mantemento programado". Esa foi a mensaxe que informou a ligazón electrónica ao tentar entrar, polo que durante moito tempo o sistema non estaba dispoñible.

Outra das incidencias que rexistrou a plataforma virtual foi a hora de conexión da pasarela de solicitudes. Mentres algúns solicitantes afirmaban que media hora despois da medianoite aínda non estaba dispoñible para as persoas usuarias, outros xa conseguiran entrar na plataforma virtual.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 12:13:52
Nº Rexistro: 32887
Data envio: 24/03/2022 12:13:52.473

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o motivo das diferentes incidencias na plataforma virtual para solicitar o Bono turístico QuedamosenGalicia22?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 24/03/2022 12:05:00**

**Martín Seco García na data 24/03/2022 12:05:07**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32891
Data envio: 24/03/2022 14:23:52.776

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Elena Súarez Sarmiento, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno.**

O Goberno da Xunta de Galicia ten amosado a súa firme aposta pola Formación Profesional na nosa comunidade e é faise evidente observando o esforzo realizado nos últimos anos para incrementar a cantidade e a calidade dos ciclos ofertados e o número de alumnado que deciden elixir esta opción educativa.

A estratexia da Xunta de Galicia con respecto á Formación Profesional ten como principais eixos unha maior tecnificación e o impulso da innovación enfocada á mellora da cualificación profesional do alumnado de ciclos formativos. Unha das liñas de acción é precisamente o reforzo da actual rede de Centros Integrados de Formación Profesional autonómica.

Con este obxectivo o pasado 14 de marzo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ven de anunciar a implantación dun Centro Intergrado de Formación Profesional no IES Fermín Bouza Brey en Vilagarcía de Arousa.

A implantación desta nova instalación ten moito interese para a cidadanía de Vilagarcía, a Comarca do Salnés e mesmo a do Ulla-Umia e as súas zonas de influencia en canto á mellora de oportunidades na ampliación de oferta formativa e en consecuencia na procura da incorporación da xuventude ao mundo laboral que supón esta decisión.

Polo tanto, por todo isto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

-En que consiste a implantación do Centro Integrado de Formación Profesional en Vilagarcía de Arousa e cal vai ser a repercusión da nova oferta para a cidadanía de Vilagarcía, da Comarca do Salnés e a Comarca Ulla-Umia?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 32891
Data envio: 24/03/2022 14:23:52.776

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 24/03/2022 14:18:28**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 24/03/2022 14:18:59**

**Teresa Egerique Mosquera na data 24/03/2022 14:19:09**

**Gómez Salgado, Carlos na data 24/03/2022 14:19:21**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 24/03/2022 14:19:30**

**José Luis Ferro Iglesias na data 24/03/2022 14:19:43**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/03/2022 14:19:58**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 16:48:30
Nº Rexistro: 32897
Data envio: 24/03/2022 16:48:30.469

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Pablo Arangüena Fernández,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece a tódalas mulleres vítimas de violencia de xénero a asistencia xurídica inmediata e gratuíta en tódolos procedementos, tanto xudiciais como administrativos, que teñan relación coa situación de violencia, incluso para formular a denuncia.

O Real decreto lei 141/21, do 9 de marzo aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que vén a modificar o Real decreto anterior 3/2013, de 22 de febreiro, e regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/96 do 10 de xaneiro, asistencia xurídica gratuíta.

Establecendo un marco de regulación e harmonización na materia sen prexuízo da posibilidade de desenvolver normativas específicas e máis restritivas nas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Así en Galicia temos desenvolvido este dereito no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, establecido por Decreto 134/2017, do 7 de decembro.

En toda a normativa anterior se regula o dereito da muller vítima de violencia de xénero, a ter asistencia xurídica e defensa con carácter gratuíto independentemente da súa capacidade económica.

No artigo 30 deste regulamento autonómico establece uns requisitos complementarios para garantir a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero e de vítimas de trata de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos como son que esta a leven a cabo avogados/as especializados/as.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 16:48:30
Nº Rexistro: 32897
Data envío: 24/03/2022 16:48:30.469



Tamén establece a posibilidade de que as comunidades autónoma poidan regular o acceso aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.

Dende o Grupo Socialista entendemos que estas garantías non chegan. Os datos estatísticos dinos que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas, e polo tanto dende a administración é necesario seguir incrementando estas garantías que ofrezan as mulleres vítimas unha maior seguridade e confianza no sistema xudicial.

E por iso polo que no mes de xuño do pasado ano levamos ao Pleno do Parlamento unha pregunta na que inquiríamos ao goberno se consideraba que un letrado condenado por violencia de xénero podía asumir a asistencia xurídica ou defensa dunha vítima de violencia?

A Conselleira de Igualdade respondeu a esta pregunta manifestando que se estaba traballando para solucionar esta cuestión e que nuns días chegaríase a acadar unha medida que impediría que isto seguira a acontecer.

Nove meses despois o goberno da Xunta non fixo nada e seguimos á espera o que demostra que non existe ningunha vontade por parte deste goberno para impoñer esta medida.

É por iso polo que reiteramos esta iniciativa, na que solicitamos que dende a Xunta de Galicia, previo acordo no Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, se engada como requisito de obrigado cumprimento para os letrados que queiran acceder ou manterse na quenda especial de violencia de xénero, non ter sido condenado por sentencia firme por un delito de violencia de xénero.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o goberno da Xunta de Galicia que é necesario implementar máis medidas dende a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo do 2022

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 16:48:30
Nº Rexistro: 32897
Data envio: 24/03/2022 16:48:30.469

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 24/03/2022 16:45:46**

**Noa Susana Díaz Varela na data 24/03/2022 16:45:54**

**Pablo Arangüena Fernández na data 24/03/2022 16:46:05**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 17:42:48
Nº Rexistro: 32907
Data envio: 24/03/2022 17:42:48.756

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a provisión de postos de traballo na Unidade de Policía Adscrita de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 1991 creouse unha Unidade do Corpo Nacional de Policía o Estado, con nivel orgánico de sección e dependencia funcional da Xunta de Galiza.

O orde de creación establece que número de efectivos da sección virá determinada polo que se estableza de común acordo entre o Ministerio do Interior do Estado e a, hoxe denominada, Consellaría de Presidencia, Xustiza e Interior.

Na última das memorias publicadas da Unidade de Policía Adscrita á Galiza se fai constar que o Acordo Administrativo de Colaboración entre Xunta e o Estado en materia policial data de 17 de outubro de 2005 sen que, vencido en 2008 o prazo inicial da súa duración, se procedera a súa actualización, estado en situación de prorroga. É dicir, dende que o Sr. Núñez Feijoo asumiu a presidencia da Xunta de Galiza nin se desenvolveu o Corpo de Policía de Galiza previsto na Lei de 2007, nin tampouco se procedeu á revisión e actualización da sección da Policía adscrita á Galiza.

Hai anos aprobouse o catalogo de postos de traballo da Unidade Policía Adscrita que permaneceu non só invariábel ao longo dos anos malia a atribución de novas



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 17:42:48
Nº Rexistro: 32907
Data envio: 24/03/2022 17:42:48.756

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcións á sección policial en Galiza, senón tamén carente de cumprimento. O referido catálogo estableceu en 500 o número de efectivos policiais que deberían integrar a UPA de Galiza, sen que en ningún momento da súa historia se alcanzase tal número de axentes. Na aludida memoria de 2020 faise constar que á finalización do exercicio o número de efectivos está un 25% por debaixo do previsto no desactualizado catálogo, e o que non é menos grave, dende 2013 ate a actualidade o número de axentes vai progresivamente diminuíndo.

Xa que logo e a pesares das reclamacións e iniciativas presentadas por este grupo parlamentar do BNG, dende que Núñez Feijóo é presidente da Xunta de Galiza nin se desenvolveu a Lei de 2007 mediante a creación do Corpo da Policía de Galiza, que permitiría responsabilizármonos da organización e dotación dun servizo destinado a velar pola protección e defensa dos dereitos fundamentais das persoas; nin tampouco á revisión e actualización dos Acordos e instrumentos que permitirían a mellora e actualización do servizo público.

Como ficou exposto para o BNG resulta inescusábel o desenvolvemento da Lei 8/2007, de 13 de xuño, mais ante a falla de vontade de cumprimento do PP, consideramos procedente a inmediata normalización dos sistemas de provisión que se podan desenvolver e que deberán sustentarse na valoración de criterios obxectivos eliminando a discrecionalidade que deriva en arbitrariedade, e considerando necesario o coñecemento do idioma propio de Galiza, imprescindible para poder realizar as funcións que teñen conferidas as FFCCS.

E por todo iso formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que deben manterse en Galiza sistemas de provisión de postos de traballo, cuxas funcións impliquen relación coa cidadanía,



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 17:42:48
Nº Rexistro: 32907
Data envio: 24/03/2022 17:42:48.756

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baseados nunha entrevista persoal e sen acreditación obxectiva do coñecemento do idioma galego?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2022 17:40:23**

**Iria Carreira Pazos na data 24/03/2022 17:40:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2022 17:40:35**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 18:14:23
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 24/03/2022 18:14:23.894

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impulso da candidatura "Ferrol, porto da ilustración" para ser recoñecida como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Real Academia Galega de Belas Artes, Nosa Señora do Rosario, adoptou o 16 de decembro do 2000 a decisión de iniciar os trámites oportunos para que as dúas emblemáticas fortificacións defensivas do contorno marítimo de Ferrol, os castelos de San Felipe e da Palma, xunto co Arsenal militar, foran declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

O Arsenal de Ferrol, segundo D. Ramón Otero Pedraio, representaba no século XVIII, como base naval, un logro completo nas aspiracións da época, acadándose na súa construción unha perfecta conxunción da arquitectura hidráulica, militar e industrial.

E o propio informe-proposta da Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizado polo académico D. Xoán Antonio Rodríguez Villasante, ditaminaba que o conxunto histórico do Arsenal e os castelos da ría de Ferrol son un exemplo único no mundo: unha base naval criada ex-novo e coa maior extensión na súa época.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 18:14:23
Nº Rexistro: 32913
Data envio: 24/03/2022 18:14:23.894

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En pouco tempo unhas trinta institucións e organizacións de diferente índole fóronse adherindo a aquela solicitude de declaración como ben cultural Patrimonio da Humanidade deste conxunto histórico conformado polo Arsenal e os castelos da ría, entre as que cabe mencionar os casos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, a Xunta de goberno do Colexio oficial de arquitectos de Galiza, a Asemblea xeral do Eixo atlántico, o Colexio oficial de Enxeñeiros industriais de Galiza, ou entre outros concellos, o de Lugo, de especial importancia polo éxito acadado na iniciativa semellante a respecto da declaración das Murallas da cidade como Patrimonio da Humanidade.

A aspiración de Ferrol de conseguir para o noso patrimonio histórico, arquitectónico, artístico, e natural, o máximo recoñecemento por parte da UNESCO, lanzada inicialmente durante a alcaldía de Xaime Bello, foise renovando co tempo, e nomeadamente durante o goberno de Jorge Suárez cabe atribuír á concelleira Rosa Méndez un decidido impulso coa redacción dun novo plan, do mesmo xeito que está a facer na actualidade a concelleira Eva Martínez a través dunha renovada campaña de promoción social e política.

É polo tanto unha vella e compartida aspiración de todos os grupos políticos do Concello de Ferrol, conscientes, como a inmensa maioría da sociedade local e comarcal, de contar cun patrimonio privilexiado digno de protección, de consideración e recoñecemento, mais tamén susceptíbel de chegar a ser un produto turístico de primeira orde, e polo tanto unha fonte de riqueza.

Lamentamos que non sempre o apoio e a colaboración da Xunta de Galiza para garantir o éxito dos esforzos realizados desde o Concello de Ferrol teña sido o necesario, mesmo ás veces nin o mínimo esixíbel a unha administración dilixente,



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relegando unha candidatura que, segundo as opinións expertas, é a que máis posibilidades podería ter de todas as que actualmente existen na Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións está a impulsar a Xunta de Galiza para garantir o éxito da candidatura "Ferrol, porto da Ilustración" a Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2022 18:11:35**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 24/03/2022 18:11:39**



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/03/2022 18:11:47**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 18:17:16
Nº Rexistro: 32916
Data envío: 24/03/2022 18:17:16.178

**Á Mesa do Parlamento**

**Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O cancro é unha enfermidade moi grave que ten un nivel de incidencia moi alto sobre a poboación en xeral e na provincia de Ourense en particular.

O observatorio da Asociación Española Contra o Cancro (AECC) amosou que Ourense é a segunda provincia de España coa taxa de incidencia máis alta. En concreto 858 casos por 100.000 habitantes, soamente superada polos 873 de Zamora. Máis de 2.616 ourensáns recibiron diagnose de cancro durante o ano 2021, pese a incidencia da pandemia, continuando con elo as cifras alcanzadas en 2020.

Os datos de mortalidade son preocupantes na provincia xa que rexistran a taxa máis elevada de mortes do país con 376 defuncións por cada 100.000 habitantes. En 2019, Ourense superou a Zamora neste listado e dende entón contabiliza en torno a 1.150 mortes anuais. Cada día morren tres persoas por culpa do cancro en Ourense.

Tras dous anos dende o inicio da pandemia a sociedade é consciente do que supuxo para o sistema público de sanidade, sen embargo os esforzos non se concentraron en mellorar as condicións do persoal sanitario ou as propias carencias dos hospitais e centros de saúde. Xa antes da pandemia dende o grupo socialista reiteramos propostas constantes dirixidas ao Goberno galego para que mudara as súas políticas en canto ao sistema público de saúde en Galicia. Tras a pandemia evidenciouse aínda máis.

Concretamente na provincia de Ourense, tanto no hospital de referencia da provincia, o CHUO, coma nos hospitais comarcais de Verín e O Barco de Valdeorras, coma nos centros de saúde, existen problemas en canto a falta de persoal, recorte de especialidades, listas de agarda, saturacións das urxencias. Dende o Grupo Parlamentario Socialistas reiteramos propostas dirixidas ao Goberno galego para loitar por unha sanidade pública de calidade e de

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

proximidade. Hai que ter en conta que Ourense é das provincias máis envellecidas do país.

Tendo en conta a gravidade que supón unha diagnose de cancro para a vida das persoas, e tendo en conta os datos alarmantes na provincia de Ourense, consideramos inasumible que existan casos de demora nos TAC para doentes de cancro nos que existe unha estimación de demora de máximo tres meses segundo criterio dos facultativos, e que se está a demorar en algúns casos ata os 5 meses, segundo indican por falta de persoal. Nalgúns casos derívase aos doentes aos centros concertados como son COSAGA ou Centro El Carmen, e aínda así a demora existe.

Para un doente de cancro as revisións periódicas que prescriben os facultativos poden supoñer un arma poderosa para un diagnóstico precoz e un tratamento temperá no estadio da enfermidade, polo que entendemos que é unha situación que se debe solucionar de inmediato por parte do órgano competente. Polo que solicitamos que a consellería incremente o número de radiólogos para poder citar sen demoras aos doentes en base á prescrición dos facultativos competentes que fan as revisións dos mesmos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta.

Existen retrasos nas revisións de doentes de cancro nos TAC no CHUO?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 24/03/2022 18:10:04**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/03/2022 18:10:17**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/03/2022 18:10:29**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 18:17:16
Nº Rexistro: 32916
Data envío: 24/03/2022 18:17:16.178

**Julio Torrado Quintela na data 24/03/2022 18:10:38**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2022 18:19:01
Nº Rexistro: 32922
Data envio: 24/03/2022 18:19:01.835

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz**, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta parece que manifesta un total descoñecemento da problemática asociada á tramitación das axudas que promoven a as incorporacións de mozas e mozos á actividade agraria, tendo en conta o cúmulo de dificultades e de obstáculos para as persoas que queren incorporarse, na que se converteu esta última convocatoria na presente anualidade.

A Orde do 30 de Decembro de 2021 publicada o pasado mércores 9 de Febreiro de 2022, no DOG nº 27, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, tivo unha nefasta xestión inicial da tramitación administrativa das mesmas:

1. Detectamos un efecto tapón ou funíl entre interesados/as en solicitar a axuda na presente anualidade, propiciado polo feito da ausencia de convocatoria dende comezos do ano 2020, o que compromete o labor profesional dos gabinetes técnicos asesores/as, fundamentalmente formados por enxeñeiros técnicos agrícolas e agrónomos de entidades de aconsellamento e xestión e de asociacións gandeiras, sindicatos e cooperativas agrarias que constitúen o colectivo profesional encargado da xestión e tramitación destas axudas.



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Como lle trasladaron ao propio director xeral de Agricultura, Gandería e Industrias Agroalimentarias, existe o convencemento que o establecemento dun prazo de tramitación dun mes para a presentación da solicitude e da documentación anexa necesaria, é manifestamente insuficiente.

Non se entende  como despois de ter que prorrogar orzamentariamente a orde de axudas do 2020, ao non convocar as axudas no pasado ano 2021, non se flexibilizara e facilitara que nesta convocatoria que os/as mozos/as que non puideron iniciar o procedemento administrativo dende a última convocatoria aberta, o pasado 28 de xaneiro de 2020, puideran facelo agora con tódalas garantías.

Tampouco se entende como nas bases da presente convocatoria se exclúe a excepcionalidade de dar amparo aos mozos/as que cumprindo os 41 anos antes de finalizar a data de tramitación da axuda no 2021 se ven excluídos/as da posibilidade de ser beneficiarios/as porque o ano pasado non se convocou a orde de axudas e na presente anualidade ao exceder a idade máxima, xa non poden solicitar.

3. Esta situación agravouse considerablemente polo deficiente funcionamento da aplicación informática que a Consellería de Medio Rural habilitou a tal efecto (Melles – Melloras Estruturais) en colaboración con Amtega. Dende a súa posta en funcionamento os erros foron continuos e sistemáticos en tódolos navegadores, polo que foi imposible rexistrar con éxito ningunha solicitude durante os primeiros nove días en que se abriu a tramitación da orde, despois da publicación da axuda e co prazo de presentación correndo.

4. É inadmisible que se dispoña dunha aplicación sen testar previamente durante o período executivo de tramitación administrativa das solicitudes e tamén é incomprensible que non se faciliten cursos de formación previos para que os técnicos tramitadores tanto do ámbito privado (asesores/as rurais) como no ámbito público



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(funcionarios) poidan desenvolver con certas garantías a súa labor profesional. Un procedemento administrativo nunca debe condicionar o éxito ou fracaso da súa tramitación.

5. Tamén consideramos inadmisible e ata denunciable que se habilite o servizo xenérico de asistencia telefónica a través do 012 para comunicar as incidencias detectadas na tramitación sen dar solución ás mesmas xa que a aplicación fallou de raíz. Non se lles proporcionou unha solución real ao problema de funcionamento da aplicación desenvolta para a súa tramitación. O único que fixeron foi convocar dúas xornadas formativas a través das OACs de Lugo os pasados días 17 de febreiro e OAC de Sarria o 21 de febreiro onde os funcionarios dos servizos territoriais de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural tiveron que recibir as críticas construtivas dos asesores rurais, cando son igualmente sufridores dunha nefasta e manifesta improvisación no ámbito da correcta xestión e organización destas axudas tan necesarias como ben saben.

5. En canto á propia orde de axudas publicada o 9 de febreiro, non se actualizaron os prezos dos módulos subvencionables da norma complementaria, aínda cando se trouxo a esta mesma comisión en outras iniciativas nas que se poñía de manifesto a necesidade de actualizar os módulos aos prezos a día de hoxe, despois da enorme inflación acumulada no último ano. As dúas orientacións fundamentais do país: vacún de leite e vacún de carne non viron actualizado o seu valor nas últimas 6 convocatorias de ordes de axudas, a pesares do notable incremento do custe das materias primas e os custes enerxéticos asociados, que se viron reflectidos no incremento desmesurado do IPC no 2021 e o que levamos de 2022.

6. Consideramos que se fai imprescindible abordar certos aspectos da orde de axudas que son inasumibles de base tal e como está elaborada, como por exemplo o feito de que non se flexibilize o traspaso ou cesión de explotación agrogandeira entre



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cónxuxes como beneficiaria das axudas, en certos supostos como no caso de réxime de bens gananciais e restrinxindo unicamente no suposto de separación de bens; cando si que é susceptible de ser beneficiario/a da axuda cando o relevo se produce entre pai e fillo, con parentesco de primeiro grao, e sempre coa xeración dunha UTA, que se corresponde co agricultor/a profesional ao fronte da granxa.

7. Por outra banda, resulta inadmisible que se estableza como data límite para presentar o proxecto coas correspondentes licencias administrativas e as resolucións de afeccións con Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica, Patrimonio, Medio Ambiente, Cultura, etc... o vindeiro 15 de xullo. Aínda que prorroguen ata Outubro, os retrasos manifestos por saturación de traballo no ámbito administrativo destes departamentos, como mínimo é preciso fixar o mes de Outubro ou Novembro como a data mínima para presentar toda esta documentación, atendendo á experiencia acumulada en anos e convocatorias anteriores.

Somos conscientes que pola regra de gasto “N+2”, non se poden xustificar gastos do PDR máis aló do segundo ano tras a finalización do período, que se corresponde con esta anualidade, motivo polo cal se debería dispoñer do engraxamento suficiente pola experiencia previa das anteriores convocatorias para evitar que se produzan situacións como a desta anualidade que manifestan unha clara improvisación en todo o que se acomete, co risco de ter que devolver a Europa unha parte importante dos fondos para o segundo pilar por unha mala execución administrativa das medidas implementadas.

Un reflexo desta improvisación e parcheo continuo foi a publicación no DOG o pasado 8 de marzo, cando remataba o prazo inicial das axudas, da modificación da Orde do 30 de decembro de 2021, nas que veñen a recoñecer a súa nefasta xestión e veñen ao rego dalgunhas das propostas trasladadas dende o propio Grupo Parlamentar do BNG

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como a actualización de prezos dos módulos (neste caso cun incremento do 15% no importe unitario dos mesmos).

As modificacións máis importantes foron as seguintes:

- O prazo de solicitude amplíase ata o 11 de abril de 2022.

- Todos os expedientes que requiran a presentación da licenza ou calquera outro permiso administrativo terán de prazo ata o 15 de setembro de 2022 en lugar do 15 de xullo inicial.

- Elimínase a excepción recollida para os cultivos leñosos de aptitude frutícula incluídos na medida 8 do PDR de Galiza 2014-2020, como por exemplo, castiñeiros e nogueiras.

- Establécese a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 50% da axuda aprobada, unha vez recibida a notificación ou publicación da resolución de concesión. Estará supeditado á constitución dunha garantía correspondente ao 110% do importe anticipado.

- Os mozos que se incorporen nunha explotación existente terán a posibilidade de solicitar o suplemento por gasto necesario nas mesmas condicións ca nunha explotación de nova creación.

- Os novos módulos para todos os investimentos levan un incremento aproximado do 15% con relación aos publicados anteriormente. Este aumento tamén afecta á sala de muxido e ao robot de muxido.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que levou á Consellería de Medio Rural a demorarse 2 anos nesta convocatoria e logo chegara a sacala con tan pésima calidade como para ter que ser modificada practicamente de xeito inmediato, cando tivo un ano para elaborar unha orde de axudas óptima e necesaria para a situación que está sufrir o noso agro?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**María González Albert**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 24/03/2022 18:09:50**

**María González Albert na data 24/03/2022 18:10:04**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/03/2022 18:10:14**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 12:27:41
Nº Rexistro: 32982
Data envio: 28/03/2022 12:27:41.471

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Maria Elena Candia López, Maria Encarna Amigo Díaz, Diego Calvo Pouso, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, Sandra Vázquez Domingo, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Cristina Sanz Arias, Maria Elena Suárez Sarmiento e Ana Belén García Vidal** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

**Xustificación da urxencia**
*A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer as actuacións e previsións do Goberno galego dirixidas a restablecer a circulación entre Folgoso do Courel e Quiroga*

A principal vía de acceso ao Courel desde Quiroga permanece cortada ao tráfico, desde o domingo 27 de marzo a mediodía, como consecuencia do desprendemento rexistrado á altura do quilómetro 18 da estrada autonómica LU-651, entre Santa Eufemia e Folgoso. Por fortuna non hai que lamentar danos persoais relacionados con este sinistro.

Unha vez feita a valoración do estado da estrada e executados os primeiros traballos de estabilización do terreo, resulta imprescindible impulsar as actuacións dirixidas ao restablecemento da circulación, no tempo máis breve posible, ante os problemas que o corte desta estrada xera a este municipio, aos seus veciños e visitantes.

O obxectivo final é estudar as posibles alternativas desde o punto de vista técnico que fagan posible recuperar a comunicación viaria entre Quiroga e Folgoso e facelo con plenas garantías e coa máxima seguridade, impulsando aquelas solucións que se estimen acaídas, nun espazo ademais de gran complexidade, por estar nun territorio de montaña, con grandes valores naturais protexidos como parte da Rede Natura.

De xeito paralelo cómpre realizar as indagacións pertinentes sobre as circunstancias que desembocaron nos danos sufridos neste vía autonómica, que hoxe presenta un derrubamento de 200 metros, para exixir, de ser os caso, as responsabilidades que correspondan.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formula a seguinte pregunta:

Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia dirixidas a restablecer a circulación entre Folgoso do Courel e Quiroga,

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 28/03/2022 12:19:13**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 28/03/2022 12:19:39**

**Diego Calvo Pouso na data 28/03/2022 12:19:56**

**Carmen María Pomar Tojo na data 28/03/2022 12:20:04**

**Ramón Carballo Páez na data 28/03/2022 12:20:24**

**José Manuel Balseiro Orol na data 28/03/2022 12:20:33**

**María Sol Díaz Mouteira na data 28/03/2022 12:20:47**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 28/03/2022 12:21:17**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 28/03/2022 12:21:34**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 28/03/2022 12:21:44**

**Daniel Vega Pérez na data 28/03/2022 12:22:21**

**Raquel Arias Rodríguez na data 28/03/2022 12:22:44**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 12:27:41
Nº Rexistro: 32982
Data envio: 28/03/2022 12:27:41.471

grupo parlamentario popular de galicia

**Cristina Sanz Arias na data 28/03/2022 12:22:59**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 28/03/2022 12:23:40**

**Ana Belén García Vidal na data 28/03/2022 12:23:55**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:47:44
Nº Rexistro: 33039
Data envío: 28/03/2022 17:47:44.694

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a mulleres en situación de violencia machista.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre esta cuestión coa máxima celeridade ao se tratar dos dereitos dunha parte da poboación especialmente vulnerábel.

**Exposición de motivos**

As mulleres en situación de violencia machista en Galiza poden acollerse a dúas axudas en materia de vivenda.

Dunha banda, aquelas que estiveron nun centro de acollemento poden solicitar as axudas do Programa bono de alugueiro social, unha convocatoria de carácter xeral cuxa resolución foi aprobada, por última vez, o 22 de decembro de 2020. Polo tanto o prazo de novas solicitudes rematou o 10 de decembro de 2021. A convocatoria correspondente ao exercicio en curso pode ser solicitada desde o 3 de xaneiro até o 31 de maio. Esta axuda limítase, no caso de mulleres en situación de violencia machista, a un grupo moi reducido delas pois a maior parte non pasan por centros de acollemento.

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:47:44
Nº Rexistro: 33039
Data envio: 28/03/2022 17:47:44.694

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra banda, existe unha liña de axudas con cargo aos orzamentos do Pacto de Estado contra a violencia machista. Trátase de subvencións do Programa de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para vítimas de violencia machista mais non se convocaron aínda as correspondentes a 2022 polo que:

a) Desde o día 10 de decembro de 2021 non se poden incorporar novas mulleres ao programa.

b) As mulleres que estaban en prazo para formular unha solicitude de prórroga durante os meses de xaneiro , febreiro e marzo deste ano están sen resolver e as mensualidades sen abonar aos propietarios das vivendas. Esta situación está a xerar moito malestar nas propias beneficiarias e nos mesmos propietarios que mesmo ameazan con iniciar expedientes de desafiuzamento.

c) Tampouco se están a prorrogar as axudas directas ás beneficiarias que renovaron no último trimestre de 2021. Só lles abonan o 75% da contía do aluguer aos propietarios mais non o 25% que se concede ás arrendatarias que deben enfrontar o pagamento si ou si, independentemente da súa situación económica.

Non é a primeira vez que se producen situacións destas características en materia de vivenda nin afectan só a vítimas de violencia machista pois, por exemplo, a convocatoria xeral de axudas de aluguer para menores de 35 anos aínda non foi convocada.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:47:44
Nº Rexistro: 33039
Data envio: 28/03/2022 17:47:44.694

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É consciente a Xunta de Galiza dos problemas e prexuízos que está a ocasionar a mulleres en situación e violencia machista pola súa incompetencia en materia de vivenda?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2022 17:29:29**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:57:08
Nº Rexistro: 33041
Data envio: 28/03/2022 17:57:08.480

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente, para o seu debate en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade urxente de que esta cámara, coñeza cal é a posición da Xunta de Galicia respecto do tema que se expresa.

En vista da sentenza do 15 de marzo de 2022 da Sección Segunda da Sala Terceira do TSXG pola que se estima con imposición de costas o recurso interposto polo Concello de Cambre e, en consecuencia, anúlase integramente a aprobación definitiva do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da obra Vía Ártabra ao seu paso por Cambre, o deputado que asina pregunta:

Vai o Goberno galego proceder a atender as alegacións do Concello de Cambre modificando o trazado desa vía?

Paz do Parlamento, 28 de marzo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 28/03/2022 17:52:41**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:54:13
Nº Rexistro: 33040
Data envio: 28/03/2022 17:54:13.905

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, cales son as medidas de apoio aos sectores estratéxicos galegos que pensa poñer en marcha o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Manuel Álvarez Martínez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2022 13:28:31**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2022 17:57:45
Nº Rexistro: 33042
Data envío: 28/03/2022 17:57:45.916

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

**PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Sr. Feijóo, cre que Galiza merece un goberno interino en plena crise?*

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2022 17:56:40**

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-1KBnAy47P-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/